



XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DE TRABALLO  
E BENESTAR



guía informativa sobre  
protección xurídica e discapacidade

XUNTA DE GALICIA



# **Guía informativa sobre protección xurídica e discapacidade**

**Xunta de Galicia**  
Consellería de Traballo e Benestar  
Secretaría Xeral de Política Social  
2012



## ÍNDICE

PRESENTACIÓN	7
ÁMBITO DE APLICACIÓN	9
CAPÍTULO 1.- A CONVENCIÓN INTERNACIONAL SOBRE OS DEREITOS DAS PERSOAS CON DISCAPACIDADE	
1.1.- Introducción	13
1.2.- Elaboración e ratificación	13
1.3.- Contido e preceptos básicos da convención	14
CAPÍTULO 2.- O PROCESO SOBRE A CAPACIDADE DAS PERSOAS	
2.1.- Introducción	21
2.2.- Cuestións básicas en relación cos procesos sobre a capacidade	22
2.3.- O procedemento de modificación da capacidade da persoa	27
2.4.- Outras medidas:	34
2.4.1.- Medidas cautelares	34
2.4.2.- Medidas do artigo 158 do Código civil	37
CAPÍTULO 3.- MEDIDAS DE APOIO PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE	
3.1.- Introducción: conceptos básicos	43
3.2.- A tutela	45
3.3.- A curadoría	52
3.4.- Medidas de apoio preventivas	53
3.4.1.- Dispostas polo propio interesado	54
3.4.2.- Dispostas polos proxenitores	55

3.4.3.- Patrimonios protexidos	56
3.5.- A defensa xudicial	57
3.6.- A garda de feito	58
3.7.- A patria potestade	58
3.8.- Entidades tutelares. A FUNGA	59
3.9.- Obrigas dos axentes implicados coas figuras de protección	62
CAPÍTULO 4.- INGRESOS INVOLUNTARIOS EN CENTROS	
4.1.- Introducción	69
4.2.- O procedemento	71
4.2.1.- Marco normativo	71
4.2.2.- Tipos de procedemento	73
4.2.3.- Tramitación	74
4.2.4.- Control e extinción do ingreso	75
4.3.- Cuestións de especial relevancia en relación cos ingresos involuntarios	76
4.3.1.- Execución do traslado ao centro	76
4.3.2.- Establecemento do criterio de urxencia	77
4.3.3.- Dificultades para a coincidencia entre a busca e identificación de recursos e a autorización xudicial	77
4.3.4.- Notificación dun ingreso involuntario	78
CAPÍTULO 5.- CUESTIÓN DE ESPECIAL RELEVANCIA	
5.1.- Competencia dos xulgados	83
5.2.- Regras básicas dos centros e servizos de atención a persoas con discapacidade e/ ou dependencia	85
5.3.- Medidas de contención e suxeición	87

5.3.1.- O consentimento informado	89
5.3.2.- Protocolo para a adopción de medidas de suxeición e contención	90
CAPÍTULO 6.- GLOSARIO DE TERMOS E LEXISLACIÓN	
6.1.- Glosario de termos	97
6.2.- Lexislación de referencia	103
6.3.- Enderezos de interese	106
CAPÍTULO 7.- ANEXOS	
7.1.- Modelos de documentos para uso por parte dos axentes implicados	111
<u>Modelo 7.1.1</u> Comunicación á Fiscalía, por parte de profesionais, dunha situación susceptible de protección xurídica	111
<u>Modelo 7.1.2</u> Comparecencia de particulares para comunicación á Fiscalía dunha situación susceptible de protección xurídica	113
<u>Modelo 7.1.3</u> Solicitud de autorización de ingreso involuntario	116
<u>Modelo 7.1.4</u> Comunicación ao xulgado dun ingreso involuntario urxente	118
<u>Modelo 7.1.5</u> Comunicación á Fiscalía de recomendación para a adopción de medidas cautelares	119
7.2.- Modelos de documentos para consulta e información dos axentes implicados	121
<u>Modelo 7.2.1</u> Presentación de inventario inicial de bens	121
<u>Modelo 7.2.2</u> Rendición anual de contas	124
<u>Modelo 7.2.3</u> Demanda da Fiscalía sobre modificación da capacidade	126
<u>Modelo 7.2.4</u> Informe do médico forense	130
BIBLIOGRAFÍA	131





## PRESENTACIÓN

Dentro do marco competencial que corresponde á Consellería de Traballo e Benestar, a Secretaría Xeral de Política Social concibe como unha das súas actuacións máis relevantes a promoción e garantía dos dereitos das persoas con discapacidade na nosa Comunidade Autónoma, o que debe traducirse na adopción de medidas tendentes a facer efectiva a igualdade de trato ou a igualdade de oportunidades.

Para estes efectos, o pasado 10 de decembro de 2010, o Consello de Goberno da Xunta de Galicia aprobou o *Plan de Acción Integral para as Persoas con Discapacidade de Galicia 2010-2013*, que se erixe como un instrumento do Goberno galego no que se definen as medidas de política social dirixidas ao colectivo das persoas con discapacidade, a través do cal se busca a súa integración e participación plena en todos os ámbitos sociais.

Unha das actuacións previstas no citado plan, concretamente na área relativa á protección dos dereitos das persoas con discapacidade, é a elaboración e divulgación dunha *Guía informativa sobre protección xurídica e discapacidade* na que se aborden temas como os ingresos involuntarios, os procesos sobre a capacidade das persoas, medidas preventivas, pautas de cribaxe, información sobre as fundacións tutelares de Galicia...

Xa que logo, esta *Guía Informativa sobre protección xurídica e discapacidade*, recentemente elaborada e que agora presentamos, pretende ser un instrumento de orientación xurídica, cun marcado sentido práctico, destinado a facilitar o labor de cantos profesionais desenvolven a súa actividade no ámbito da atención ás persoas con discapacidade en Galicia, tanto dende as institucións públicas, como dende as entidades e centros especializados, entre outros. En definitiva, trátase con este documento de facilitarlles as tarefas de información e asesoramento nos procesos xurídicos que poden xurdir ao redor das persoas pertencentes a este colectivo, marcando pautas de actuación claras e consensuadas e incidindo especialmente nos trámites que teñen que ver cos procedementos xudiciais de modificación da capacidade, responsabilidade de titores, ingresos involuntarios en centros...

Ademais dun instrumento de apoio, esta guía sae á luz co desexo de conseguir unha maior sensibilización social para que a tutela das persoas con capacidade modificada xudicialmente sexa entendida sempre como unha medida de protección e preservación dos seus dereitos e intereses.

Para rematar, queremos expresar o noso máis sincero agradecemento a todos os profesionais que, co seu traballo e coas súas achegas, fixeron posible este documento no que se aúnan e consensúan as visións procedentes, non só dos profesionais desta Secretaría Xeral, senón tamén da Fiscalía, da Inspección de Servizos Sociais e de centros e entidades especializadas na atención das persoas con discapacidade. Sen a contribución de todos eles, o resultado non sería o mesmo.

**Coro Piñeiro Vázquez.**

**Secretaria Xeral de Política Social**

## ÁMBITO DE APLICACIÓN

Esta guía nace co propósito de ser unha referencia práctica para os axentes implicados na atención ás persoas con discapacidade e aos seus familiares en Galicia, en canto ás cuestións relativas á súa protección xurídica e as súas correspondentes medidas de apoio. Trata de dar resposta aos obxectivos de información e resolución de dúbidas e de facilitar o apoio necesario para levar a cabo as intervencións que sexan precisas, garantindo o cumprimento e respecto dos dereitos das persoas, así como os procedementos establecidos para tal fin.

Son destinatarios da guía todos aqueles profesionais que interveñen, en maior ou menor grao, dende distintos ámbitos e áreas de actuación, na atención ás persoas con discapacidade e aos seus familiares. Ao longo da guía faise referencia a todos eles baixo a denominación de "axentes implicados". A título exemplificativo, non limitativo, os destinatarios da guía caracterízanse por:

- *Ser profesionais de diversos perfís:* da área da psicoloxía, do traballo social, da medicina, persoal das administracións, persoal de atención directa, cuidadores profesionais, directores e responsables de centros e servizos, etc.
- *Pertencer ao sector público e privado.*
- *Exercer a súa actividade dende distintos ámbitos:* dende os xerais (como poden ser servizos sociais comunitarios, atención primaria de saúde, equipos de valoración e orientación, etc.), ata os máis específicos (como poden ser centros residenciais, centros de rehabilitación, entidades tutelares, centros de atención diúrna, asociacións de representación de persoas con discapacidade, etc.)





# CAPÍTULO 1

a convención internacional sobre  
os dereitos das persoas con discapacidade

Nova York, 13 de decembro de 2006 (BOE 21 de abril de 2008)



## 1.1.- INTRODUCCIÓN

A referencia actual na protección de dereitos das persoas con discapacidade é a Convención Internacional de Nova York, polo que a ela dedicamos o primeiro capítulo da guía.

É importante ter presente que no momento actual nos encontramos ante un período de transición, no que a entrada en vigor da Convención sobre Dereitos das Persoas con Discapacidade supón un cambio respecto da súa visión no seu aspecto xurídico. En consecuencia, a lexislación e a actuación en relación coa protección de dereitos debe, en todo caso, interpretarse conforme á convención, buscando sempre que as persoas con discapacidade exerzan os seus dereitos en condicións de igualdade, sendo os poderes públicos os que deben outorgar os apoios necesarios para que sexa real.

Na actualidade, estase a levar a cabo un gran labor para o estudo e interpretación da convención co obxecto de realizar no noso ordenamento xurídico as modificacións necesarias para a adaptación deste aos preceptos e requisitos da convención.

## 1.2.- ELABORACIÓN E RATIFICACIÓN

No ano 2001 iniciouse na Organización de Nacións Unidas un proceso dirixido á consecución dunha convención internacional ampla e integral para protexer e promover os dereitos e a dignidade das persoas con discapacidade. Neste proceso, que durará 5 anos ata a súa aprobación final, participaron diferentes actores: estados membros, axencias e organismos da ONU, institucións de dereitos humanos nacionais e organizacións non gobernamentais, entre outras. Neste sentido, é importante resaltar a implicación do movemento asociativo, xa que é a primeira convención na que participa o movemento de representación de persoas con discapacidade.

O 13 de decembro de 2006 aprobouse, no sesaxésimo primeiro período de sesións da Asemblea Xeral da ONU, a Convención Internacional sobre os Dereitos das Persoas con Discapacidade e o Protocolo consultivo da devandita convención. O 31 de marzo de 2007, nunha cerimonia especial, 82 países convertéronse en signatarios da convención, entre eles, España, que realiza a ratificación desta o 21 de abril de 2008.

De conformidade co artigo 96.1 da Constitución, os tratados internacionais celebrados por España forman parte do ordenamento xurídico interno, polo que tras a entrada en vigor da

convención o 3 de maio de 2008, esta, forma parte do noso ordenamento xurídico. E así foi recoñecido na Sentenza do Tribunal Supremo do 29 de abril de 2009, na que expresamente se recoñece que, se ben a lexislación española non foi derrogada pola convención, si que en todo caso esta debe ser interpretada conforme aos seus principios e de modo que estes sexan efectivos.

### 1.3.- CONTIDO E PRECEPTOS BÁSICOS DA CONVENCIÓN

A convención foi definida como o primeiro Tratado de Dereitos Humanos do século XXI. O seu propósito é *promover, protexer e asegurar o gozo pleno e en condicións de igualdade de todos os dereitos humanos e liberdades fundamentais por todas as persoas con discapacidade e promover o respecto da súa dignidade inherente* (artigo 1).

Aínda que non crea dereitos humanos novos, si recolle e especifica os dereitos xa existentes; sendo un paradigma e punto de inflexión no tratamento da discapacidade, ao quedar obrigados os Estados signatarios a adaptar a súa lexislación interna aos principios e valores que a inspiran, así como a mellorar as súas políticas asistenciais e sistemas de protección social e xurídica.

A convención supón un cambio non xa lexislativo, senón na concepción da discapacidade e da súa transcendencia xurídica e supón un cambio total respecto dalgunhas formulacións tradicionais. Ao longo da guía farase referencia á interpretación de procedementos e intervencións dirixidas a persoas con discapacidade de acordo aos preceptos da convención.

A convención recolle no seu articulado, ademais das cuestións relativas á aplicación, propósito, entrada en vigor e outras cuestións xenéricas, unha serie de contidos a xeito de catálogo de dereitos, entre os que podemos salientar:

Artigo 3.- Principios xerais, como son: respecto á dignidade e autonomía persoal, participación e inclusión plenas e efectivas na sociedade, entre outros.

Artigo 4.- Obrigas xerais; compromiso de asegurar e promover o pleno exercicio de todos os dereitos humanos e as liberdades fundamentais das persoas con discapacidade sen discriminación

Artigo 5.- Igualdade e non discriminación



Artigo 6. - Mulleres con discapacidade

Artigo 7. - Nenos e nenas con discapacidade

Artigo 8. - Toma de conciencia; compromiso a adoptar medidas inmediatas, efectivas e pertinentes para sensibilizar a sociedade e loitar contra os estereotipos

Artigo 9. – Accesibilidade

Artigo 10. - Dereito á vida

Artigo 11. - Situacións de risco e emerxencias humanitarias

Artigo 12. - Igual recoñecemento como persoa ante a lei; un dos temas máis debatidos no proceso de negociación e que constitúe unha das disposicións máis complexas e vangardistas da convención

Artigo 13. - Acceso á xustiza

Artigo 14. - Liberdade e seguridade da persoa

Artigo 15. - Protección contra a tortura e outros tratos ou penas crueis, inhumanos ou degradantes

Artigo 16. - Protección contra a explotación, a violencia e o abuso

Artigo 17. - Protección da integridade persoal

Artigo 18. - Liberdade de desprazamento e nacionalidade

Artigo 19. - Dereito a vivir de forma independente e a ser incluído na comunidade

Artigo 20. - Mobilidade persoal

Artigo 21. - Liberdade de expresión e de opinión e acceso á información

Artigo 22. - Respecto á privacidade

Artigo 23. - Respecto do fogar e da familia

Artigo 24. - Educación; asegurando un sistema de educación inclusivo a todos os niveis, así como o ensino ao longo da vida

Artigo 25. - Saúde; dereito a gozar do máis alto nivel posible de saúde sen discriminación por motivos de discapacidade

Artigo 26. - Habilitación e rehabilitación

Artigo 27. - Traballo e emprego

Artigo 28. - Nivel de vida axeitado e protección social

Artigo 29. - Participación na vida política e pública

Artigo 30. - Participación na vida cultural, as actividades recreativas, o esparexemento e o deporte

Artigo 31. - Recompilación de datos e estatísticas que permita formular e aplicar políticas co fin de dar efecto á convención

Artigo 32. - Cooperación internacional; recoñecemento da súa importancia e a súa promoción

A convención supón, en definitiva, o establecemento de novos paradigmas e preceptos no tratamento da discapacidade e a súa protección xurídica, que son de obrigado cumprimento para todos os axentes implicados na atención, asistencia e protección das persoas con discapacidade. Uns preceptos e paradigmas que se poden sintetizar en:

⇒ Recoñece a plena capacidade xurídica das persoas con discapacidade, polo que supón unha superación de formulacións tradicionais que distinguen entre capacidade xurídica e capacidade de obrar.

⇒ Propón novas terminoloxías en referencia á *incapacidade* e á *incapacitación* e opta polos termos de *modificación xudicial da capacidade* e *persoa con capacidade modificada xudicialmente*.

⇒ Cambia o modelo de representación ou substitución (tutela total) na toma de decisións, polo modelo de apoio na toma de decisións (traxes á medida). Deste modo, o obxectivo ante un proceso de modificación xurídica da capacidade da persoa é proporcionarlle a esta as medidas de apoio que, de acordo coas súas circunstancias concretas, poida necesitar.

⇒ Establece un sistema de apoios para o exercicio normalizado da capacidade xurídica; parte da premisa da plena capacidade xurídica da persoa, mesmo cando necesite asistencia para exercela.

⇒ Determina a adopción de salvagardas como garantía para o funcionamento regular dos mecanismos de apoio, que deben respectar a vontade e preferencias da persoa e ser proporcionais e adaptadas ás súas necesidades. Isto supón un cambio substancial, tanto das figuras de protección xurídica actuais (tutela, curadoría, etc.), como do seu exercicio e control, á vez que require unha maior concreción e detalle das sentenzas en canto á modificación da capacidade.





## **CAPÍTULO 2**

o proceso sobre a  
capacidade das persoas



## 2.1.- INTRODUCCIÓN: A capacidade das persoas dende o punto de vista xurídico

De acordo cos preceptos da convención antes referidos, emprégase o termo de proceso sobre a capacidade da persoa para facer referencia ao tradicionalmente coñecido como *procedemento de incapacitación* e outras medidas referidas á modificación da capacidade.

Os procesos sobre a capacidade das persoas, dende o punto de vista xurídico, están recollidos no Código civil (en diante, CC) e a Lei de axuízamento civil (en diante, LAC), xunto co resto de normativa de desenvolvemento. O punto de partida é a transcendencia xurídica que ten a discapacidade sobre unha persoa e como se articulan as medidas de apoio no ámbito xurídico para que esta persoa poida exercer os seus dereitos en condicións de igualdade.

O Código civil establece que *son causas de incapacitación as enfermidades e deficiencias persistentes de carácter físico ou psíquico, que impidan á persoa gobernarse por si mesma* (artigo 200); engadindo que *ninguén pode ser declarado incapaz senón por sentenza xudicial* (artigo 199).

Esta posición parte da distinción tradicional entre capacidade xurídica e capacidade de obrar; entendéndose por tales:

- Capacidade xurídica: que se adquire polo mero feito do nacemento, como unha emanación propia da dignidade humana e que permite facer á persoa titular de dereitos.
- Capacidade de obrar ou de exercicio: que é a capacidade para poder exercer tales dereitos. Pode estar sometida a limitacións e adquirese en principio coa maioría de idade.

Así, o noso ordenamento xurídico establece que é a capacidade de obrar a que permite modulacións e cambios, atendendo ás circunstancias da persoa. É, en relación a esta capacidade de obrar ou de exercicio, onde entran os supostos dos procesos xurídicos sobre a capacidade da persoa, que poden dar lugar a unha modificación da súa capacidade, total ou parcial, a fin de limitar ou condicionar o exercicio dalgún/ s dos seus dereitos.

A convención supón a superación da distinción entre capacidade xurídica e capacidade de obrar, ao establecer no artigo 12 o recoñecemento da plena capacidade xurídica das persoas con discapacidade, aínda cando necesiten apoios para exercela.

Ademais, a convención supón a introdución dun novo criterio para valorar a modificación da capacidade dunha persoa: *a utilidade* e *a necesidade* para o maior interese da persoa con

discapacidade, como criterio básico e principal para interpretar os procesos sobre a capacidade, tanto para determinar cando se interpón unha demanda, como para determinar o contido da sentenza.

Na atención ás persoas con discapacidade é necesario distinguir, polo tanto, aquelas situacións que esixan un proceso de modificación da capacidade, daquelas outras, que se dan a miúdo, que non esixan esta modificación porque non sexan útiles nin necesarias para resolver situacións concretas da persoa (como por exemplo, resolver cuestións terapéuticas ou asistenciais a través de procesos xudiciais, ou situacións nas que a garda de feito é suficiente e axeitada para a protección da persoa). Todo iso, sen prexuízo de que en momentos concretos e de forma puntual, se realicen intervencións xudiciais en interese da persoa (por exemplo, un ingreso hospitalario involuntario).

## 2.2.- CUESTIÓNS BÁSICAS EN RELACIÓN COS PROCESOS SOBRE A CAPACIDADE

Con carácter previo á abordaxe do procedemento para a modificación da capacidade dunha persoa, é necesario aclarar unha serie de cuestións básicas que forman parte deste, tanto na súa forma, como na súa interpretación.



### A quen pode afectar un proceso sobre a capacidade?

No ámbito xurídico, esta cuestión atopa resposta na denominada *lexitimación pasiva*, que identifica a persoa que pode ser demandada mediante un proceso de modificación da capacidade.

O proceso ten por obxecto determinar a capacidade de autogoberno dunha persoa, capacidade que a nivel xurídico se adquire coa maioría de idade. Polo tanto, poderá ser demandada calquera persoa maior de idade. A existencia dunha discapacidade e a afectación desta para o seu autogoberno, son as circunstancias que determinan o proceso.

En canto aos menores de idade, que teñen recoñecidas algunhas capacidades (por exemplo, consentir tratamentos médicos a partir dos 16 anos) a lei engade, ademais de que non



poidan gobernarse por si mesmos, que esa circunstancia se prevexa que se vai manter tras a maioría de idade.



### Quen pode iniciar un proceso sobre a capacidade?

A esta cuestión responde, no ámbito xurídico, a *lexitimación activa*, que é a capacidade para demandar e lograr unha resolución por parte do órgano xudicial. Esta capacidade recoñéceselle, con carácter xeral, a todas as persoas, pero en materia sobre a capacidade, por ser de orde pública e porque afecta a dereitos fundamentais, a lei establece unha serie de limitacións. Así, poden iniciar un proceso sobre a capacidade:

#### A. Particulares

A lei establece que poden instar o proceso:

- ✓ A propia persoa con discapacidade
- ✓ Os familiares, pero non todos. Os lexitimados son:
  - Cónxuxe ou situacións de feito asimilables
  - Descendentes, ascendentes ou irmáns

Se se trata dun menor, establécese unha limitación adicional, que é que só quen exerza a patria potestade ou, no seu caso, calquera tipo de tutela, incluída a tutela pública, poderá instar o proceso.

#### B. Ministerio Fiscal

O Ministerio Fiscal toma parte, en maior ou menor medida e cunha pluralidade de funcións, en todos os procesos sobre a capacidade das persoas. Calquera persoa pode poñer no seu coñecemento unha situación susceptible de modificación da capacidade, pero no caso dos profesionais, están obrigados a facelo.



## Que sinais indican unha posible necesidade de modificación da capacidade?

Os axentes implicados na atención ás persoas con discapacidade e aos seus familiares teñen unha gran responsabilidade en relación á identificación destes sinais, cuestión que é especialmente relevante para a efectiva protección xurídica do colectivo. Trátase de cuestións, en ocasións subxectivas, que só son detectables dende o coñecemento próximo e prolongado no tempo da persoa. Neste senso, a posición privilexiada dos axentes implicados é de suma importancia na detección de casos que, ademais de previr situacións de abuso que se puidesen producir, determina a efectiva e áxil resposta dos sistemas de protección sobre a persoa se se actúa ante os primeiros sinais.

Se ben cada caso é particular, existen unha serie de indicadores que nos poden dar o sinal de alarma sobre a posible *necesidade e utilidade* de modificar a capacidade dunha persoa, ben porque non ten capacidade de autogoberno, ou ben por un posible abuso sobre ela; ambas as dúas poden precisar da intervención xudicial para a súa protección.

A título informativo, pero non limitativo, pódense relacionar como sinais de alarma as seguintes situacións:

- Movementos irregulares nas súas contas bancarias. Enténdese por irregular aquilo que se afaste dos movementos que a persoa vén realizando regularmente dende hai tempo.
- Compras e vendas de bens mobles ou inmobles, sen xustificación e non axustadas á súa situación e/ ou benestar.
- Deterioración ou abandono físico, de modo permanente e sen que a persoa responda ante os intentos de facilitarlle os coidados que precise.
- Falta total ou parcial de conciencia de enfermidade, que supoña un risco para si mesmo ou terceiros.

- Toma de decisións, sobre a base das opinións de recentes amizades ou outro tipo de relacións, na que se observan cambios de opinión. Así mesmo, na toma de decisións en relación á súa vida, condicionadas á opinión destes terceiros e/ou, mesmo contrarias á súa vontade manifestada.
- Inicio e mantemento no tempo de condutas e/ou comportamentos inadecuados e/ou prexudiciais para o seu benestar.



### **Como se debe actuar se se detectan indicios dunha posible modificación da capacidade?**

Como xa vimos, os axentes implicados non están lexitimados para instar un proceso, pero deben poñelo en coñecemento do Ministerio Fiscal, unha obriga de comunicación que está regulada por:

- ⇒ Lei de axuizamento civil, que establece no artigo 757 a obriga de comunicación para os empregados de centros e servizos públicos.
- ⇒ Lei de servizos sociais, que no artigo 81.1h) establece como infracción para os centros de atención: *non lle comunicar á autoridade xudicial ou administrativa competente, cando sexa esixible, o ingreso ou a saída dos centros de servizos sociais das persoas usuarias, ou non dar inmediata conta, no caso de incapacidade sobrevida dalgún residente, á autoridade xudicial por parte da dirección do centro. Quedan polo tanto obrigados todos os profesionais de centros e servizos sociais, tanto do ámbito público, como do privado.*

A raíz da convención, ademais da detección dos sinais que mencionamos, débese ter en conta, para valorar a procedencia dun proceso sobre a capacidade, que a medida sexa útil e necesaria para a persoa.

Polo tanto, é responsabilidade dos axentes implicados detectar as situacións nas que a persoa sexa susceptible de necesitar unha protección especial e facer chegar ao Ministerio Fiscal tal valoración para que este, si lexitimado, valore o caso e inste o procedemento se o considera. Co obxecto de que o Ministerio Fiscal poida realizar unha valoración áxil e rápida da

situación, é importante que a devandita comunicación inclúa a información sobre a persoa dun modo axeitado, claro e completo. Esta comunicación debe realizarse á Fiscalía do lugar de residencia da persoa con discapacidade sobre a que recae a situación.

Para maior claridade, no capítulo de Anexos inclúense modelos de comunicación a Fiscalía dunha situación susceptible de protección xurídica, por parte de particulares e dende centros e servizos de atención (Modelo 7.1.1 e Modelo 7.1.2). A título enunciativo, non limitativo, sinálanse a continuación algunhas das informacións básicas que debe conter a mencionada comunicación:

- Datos de identificación, tanto da persoa con discapacidade, como do centro/servizo ou particular que informa.
- Informe social, que inclúa en todo caso: composición familiar, unidade convivencial, identificación dos familiares máis próximos,...
- Datos patrimoniais: bens mobles e inmoables, ingresos periódicos, contas correntes e aforro.
- Exposición da situación: describírase a situación física e psíquica na que se encontra a persoa e a razón que xustifica o inicio do proceso.
- Informes médicos, cunha identificación clara do profesional que atende a persoa e cuxo contido, máis alá do diagnóstico, recolla o relevante para o proceso, como son as habilidades e capacidades que se ven minguadas na persoa e en relación ao seu entorno.



### **Que pasa despois de comunicar a situación?**

No momento no que se comunica esta situación, Fiscalía inicia o que se denominan no ámbito xurídico as *dilixencias pre-procesuais*, que son o conxunto de actuacións que realiza con carácter previo á demanda e para a súa preparación. Tales dilixencias consisten, fundamentalmente, nunha investigación acerca da situación real da persoa co obxecto de valorar a necesidade e procedencia ou non de levar a cabo algunha actuación para a súa protección dende o ámbito xudicial.

Tras estas dilixencias, Fiscalía pode determinar:

A. En caso de que a valoración sexa positiva, se inicia o procedemento, actuando o Fiscal como demandante.

B. En caso de que a súa valoración non sexa positiva, non se inicia o procedemento e archiva as dilixencias, ben porque non quedou acreditada a situación de discapacidade ou non se xustifique a necesidade ou utilidade de adoptar medidas de protección. Neste último caso, Fiscalía debe notificalo á persoa ou centro que o comunicase, co obxecto de que, se están lexitimados insten a demanda ou ben sigan o caso e notifiquen á Fiscalía calquera cambio na situación que puidese dar lugar a unha nova valoración da procedencia de iniciar un proceso.



**A sentenza de modificación da capacidade e as medidas de apoio son revisables?**

Si. Partindo da base de que o que xustifica a modificación da capacidade dunha persoa é unha discapacidade e o seu grao de afectación, en canto á capacidade para o seu autogoberno, na medida na que esta discapacidade, por si mesma e nalgúns casos, pode variar ao longo do ciclo vital da persoa, pode ser revisable tras unha sentenza, tanto en canto á modificación da súa capacidade de autogoberno, como ás medidas de apoio establecidas.

De acordo ao artigo 761 da LAC, se varía a situación da persoa, o grao de afectación da súa discapacidade sobre as súas habilidades e en relación ao seu ámbito, pódese iniciar un novo proceso sobre a súa capacidade de autogoberno para revisar ou eliminar, no seu caso, os apoios establecidos.

## **2.3.- O PROCEDIMENTO DE MODIFICACIÓN DA CAPACIDADE DA PERSOA**

O procedemento para a modificación da capacidade da persoa é un proceso que, polo xeral, se dilata no tempo debido a que é necesario realizar todas as súas fases con plenas garantías para a persoa obxecto deste.

Neste sentido, é necesario resaltar que os procesos sobre a capacidade das persoas NON SON URXENTES. A transcendencia que para a persoa teñen tales procesos, por canto pode ser privada da posibilidade de gobernarse por se mesma (a súa persoa e bens), así como


se determinarán os apoios que no seu caso precise e quen ha de prestalos, fai necesario que o proceso se leve a cabo con todas as cautelas necesarias. Para tal fin hai que recompilar todos os datos sobre a súa situación e sobre os apoios que precisa. Iso leva consigo un tempo necesario e fundamental, ademais dos prazos que hai que respectar por procedemento. Para aquelas situacións que esixan unha intervención urxente, a lei xa prevé outras medidas que se poden adoptar, tales como as medidas cautelares.

Nesta epígrafe explícase o procedemento para a modificación da capacidade, en canto á súa forma (fases, prazos, etc.), debendo interpretalo de acordo e tendo moi presentes as cuestións básicas xa mencionadas en relación a este na epígrafe anterior. O procedemento de modificación da capacidade xurídica das persoas realízase de acordo ás seguintes fases:

- 1- A demanda
- 2- O traslado da demanda: personación do demandado e a súa defensa xurídica
- 3- A vista
- 4- A sentenza

O procedemento en todas as súas fases queda representado no seguinte diagrama:

Diagrama do procedemento de modificación da capacidade



## A DEMANDA

A demanda de modificación da capacidade supón o inicio do procedemento. De acordo coa convención, a demanda, ademais de conter a *causa* (enfermidade que impide ou limita as súas capacidades), debería incluír tamén a motivación da *necesidade* de modificar a capacidade xurídica da persoa, é dicir, por qué precisa un apoio de máis intensidade. Ademais de establecer ese apoio, deberá indicar o seu grao de intensidade e as formas de control deste, con designación da persoa que o vai exercer.

De acordo coa lexitimación establecida pola lei, a demanda pode ser presentada por particulares (a propia persoa con discapacidade ou familiares lexitimados) ou polo Ministerio Fiscal. Isto leva a que o procedemento teña dous trámites distintos segundo as diferentes posicións das partes que van participar nel. Os supostos segundo quen interpoña a demanda son:

### a. Demanda presentada por particulares

A lei establece que todas as persoas que interveñen no proceso deben estar defendidas mediante avogado e procurador. Neste caso, débese ter en conta a posibilidade da asistencia xurídica gratuíta, segundo a situación económica da persoa con discapacidade, por se fose necesario solicitala.

Neste sentido, é importante salientar que a situación económica valorable no momento da solicitude da asistencia xurídica gratuíta é a da persoa con discapacidade, non a da súa familia. A asistencia xurídica gratuíta está regulada pola *Lei 1/1996, de 10 de xaneiro (BOE nº 11, do 12 de xaneiro)* e en Galicia o órgano competente é a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, segundo o *Decreto 146/1977 que desenvolve o Regulamento de asistencia xurídica gratuíta de Galicia*.

No ano 2011, o requisito económico para persoas físicas requiría que os recursos e ingresos económicos, computados anualmente por todos os conceptos, non superasen o dobre do IPREM vixente no momento de efectuar a solicitude. A lei establece excepcións a este límite de recursos económicos, entre outros, ás persoas con discapacidade, ampliando o límite ó cuádruplo do IPREM.



## **b. Demanda presentada polo Ministerio Fiscal**

A título informativo e de consulta inclúese no capítulo de Anexos un modelo de demanda de Fiscalía (Modelo 7.2.3).

### **O TRASLADO DA DEMANDA: personación do demandado e a súa defensa xurídica.**

A lei fai especial fincapé en que nos procesos sobre capacidade das persoas, estas estean debidamente representadas e defendidas en todo momento, mentres dure o proceso, co obxecto de garantir a máxima protección dos seus dereitos.

Unha vez admitida a trámite a demanda, dáse traslado desta ao demandado, que debe responder no prazo de 20 días. O demandado pode comparecer na súa propia representación con avogado e procurador. Se a persoa non comparece nese prazo, procédese ao nomeamento do defensor xudicial, que, dependendo de quen interpuxese a demanda, será asumido por distintas persoas.

De modo que o traslado da demanda no desenvolvemento do procedemento implica que:

- a) Se a demanda a inicia a propia persoa con discapacidade, dáse traslado á Fiscalía para que responda en 20 días.
- b) Se a demanda a interpuxeron familiares lexitimados, dáse traslado á persoa demandada para que responda e, se non contesta, Fiscalía actuará como defensor xudicial.
- c) Se a demanda a interpuxo Fiscalía, dáse traslado á persoa demandada e se non responde nomearáselle un defensor xudicial.

O *defensor xudicial* no proceso de modificación da capacidade é o que representa e defende a persoa en todo o proceso e debe comparecer con avogado e procurador. É unha figura que responde á necesidade de outorgar unha protección de carácter puntual, e as súas funcións son unicamente de carácter procesal en relación ao proceso de modificación da capacidade. Está regulado na LAC e, ao igual que en relación á presentación da demanda, en

canto ao defensor xudicial tamén é necesario ter en conta a posibilidade da asistencia xurídica gratuíta.

Esta figura non debe confundirse co defensor xudicial regulado no Código civil como figura de protección xurídica, que, aínda que coincide na súa denominación, ten funcións e responsabilidades diferentes. O defensor xudicial, en relación ó proceso de modificación da capacidade, só ten funcións procesais en relación ao proceso, mentres que o defensor xudicial como figura de protección do Código civil, terá as funcións que lle confira o xuíz, a quen debe renderlle contas ao final da súa realización (figura tratada polo miúdo no capítulo 3 da guía).

## A VISTA

Unha vez que están todas as partes, conforme ás normas de personación e defensa das que falamos, procédese á celebración do xuízo. A vista ten como obxecto que as partes manifesten a súa posición con relación ao proceso, en toda a súa extensión: a causa, a necesidade da modificación proposta, os apoios e a súa intensidade e quen debe exercelos.

Nesta parte do procedemento é cando se levan a cabo as probas, é dicir, cando se establecen e se achegan as probas sobre o tema a tratar. Ademais das probas que poida acordar de oficio o propio xulgado, así como as que as partes poidan propoñer, a lei establece unha serie de probas que o xuíz debe realizar en todo caso de forma obrigatoria, que son:

### Audiencia da persoa con discapacidade.

O xuíz debe examinar persoalmente a persoa con discapacidade. Esta audiencia, en principio, realízase no momento da vista, salvo que existan razóns que impidan o traslado ao xulgado, en cuxo caso é a comisión a que se traslada e normalmente acode co forense.

### Audiencia dos familiares próximos e outras persoas vinculadas con este.

O xuíz debe oír os parentes máis próximos do demandado ou as persoas que estean especialmente vinculados con este. A lei insiste especialmente na

necesidade da audiencia da persoa que se propuxera na demanda como persoa que asumirá o cargo de protección xurídica se corresponde.

☒ Ditame facultativo

A lei establece que *nunca se decidirá sobre a incapacitación sen previo ditame pericial médico, acordado polo tribunal* (artigo 759.1 LAC). Polo tanto, sen prexuízo doutros informes médicos que se poidan achegar, debe existir sempre o informe do médico forense, que debe considerar, na medida do posible, as habilidades que ten a persoa e como se ve afectada ou limitada a súa discapacidade.

## A SENTENZA

A sentenza debe supoñer un *traxe á medida* que responda en cada caso á situación e necesidades da persoa con discapacidade. En ningún caso se debería acudir a formas xenéricas de *incapitación total*, sen que se establezan os actos para os que a persoa require algún tipo de apoio.

Neste sentido e á luz da convención, pódese establecer un contido mínimo que debe reunir a sentenza sobre a modificación da capacidade das persoas:

- ☒ Determinación da situación de modificación da capacidade: determinarase, en atención as habilidades que ten a persoa con discapacidade, en que grao quedan afectadas por esta.
- ☒ Réxime de apoios e salvagardas: directamente derivado do anterior, débense establecer os medios de apoios naquelas facetas nas que a persoa, en base as súas necesidades, presente dificultades ou limitacións, é dicir, extensión, límites e réxime de tutela e garda.
- ☒ Persoa/s que deben asumir as funcións de apoio: designación de persoa ou institución que debe exercer o apoio, mediante o nomeamento destas.
- ☒ Mecanismos de control de apoios: establecerase o réxime de funcionamento dos apoios; isto require determinar os actos nos que se requiren e alcance daqueles. Así mesmo garantirase a participación da persoa con discapacidade.

- ⊗ Dereito de voto: dende o punto de vista da convención, a persoa con discapacidade ten dereito á participación política, polo que só naqueles casos nos que se comprobe unha carencia importante e motivada deberase producir a privación deste dereito. No caso no que a sentenza non se pronuncie sobre este aspecto, enténdese que a persoa conserva o exercicio deste dereito.
- ⊗ Privación de permisos de condución ou armas, naqueles casos que fora necesario para a debida protección da persoa ou terceiros.

## 2.4.- OUTRAS MEDIDAS

Como xa se indicou anteriormente, os procesos sobre a capacidade das persoas non son procedementos de carácter urxente, se non que se levan a cabo cando existe xustificación da súa necesidade e utilidade cara á persoa.

Atendendo a este mesmo interese, existen outras medidas xudiciais que se poden adoptar con carácter urxente para garantir a protección da persoa con discapacidade sen precisar un proceso de modificación da capacidade, que son: as medidas cautelares e as medidas consideradas no artigo 158 do Código civil.

### 2.4.1.- Medidas cautelares

Existen situacións nas que a persoa ten necesidades urxentes que precisan unha resposta inmediata. Neste contexto articúlase as medidas cautelares, configuradas legalmente como medidas de carácter urxente, adoptadas con vinculación directa cun proceso de modificación da capacidade das persoas.



**Quen está lexitimado para instar o proceso de adopción de medidas cautelares?**

Están lexitimados para solicitar a adopción de medidas cautelares as partes persoadas no proceso, isto é: familiares lexitimados e o Ministerio Fiscal. O xuíz pode adoptar medidas

cautelares se o considera oportuno en protección da persoa, o cal pode facer case de inmediato ante unha situación de urxencia, logo de solicitude dos lexitimados ou de oficio.

Neste sentido, os axentes implicados na atención ás persoas con discapacidade, se ben non están lexitimados a instar o proceso de adopción destas medidas, si deben comunicalo á Fiscalía para que esta realice a solicitude correspondente se o considera oportuno.



### Cando se poden adoptar?

En calquera caso, a adopción destas medidas é, en principio, inmediata e debe estar vinculada a un proceso de modificación da capacidade. Poden adoptarse en calquera momento. Así, pódese distinguir:

#### A. Medidas previas á demanda

Son as que se instan con anterioridade á existencia dun procedemento. Quedan condicionadas a que no prazo de 20 días se presente a demanda correspondente de modificación da capacidade. Son útiles para aqueles casos nos que non hai elementos abondo para iniciar o procedemento pero estes elementos pódense obter nese prazo, e, tras presentar a demanda, mantéñense as medidas ou modifícanse ata a sentenza.

#### B. Medidas coetáneas á demanda

Son as medidas que se acompañan coa propia demanda e que teñen vixencia ata que a sentenza adopte medidas definitivas.

#### C. Medidas ao longo do procedemento

Son as medidas que se adoptan ao longo do procedemento porque a situación inicial, cando se presentou a demanda, cambiou e fai necesario adoptar medidas urxentes en tanto non se dita sentenza.



### Que tipo de medidas se poden adoptar?

En principio, calquera medida que sexa necesaria para a protección da persoa con discapacidade, que afecte tanto á súa vida persoal como patrimonial. Son, polo tanto, tan variables como as necesidades da persoa. En base a esta distinción entre o seu carácter persoal ou patrimonial, pódese mencionar:

- Medidas de carácter persoal:

Sometemento a tratamentos médicos, plans de intervención terapéutica (como acudir a un centro de día, recibir axuda no fogar), autorizacións de intervencións cirúrxicas, entradas domiciliarias para recoñecemento médico, entre outras.

Poden existir dificultades para a súa execución, polo que é importante que tanto na petición como na resolución se concreten os medios para levalas a cabo.

- Medidas de carácter patrimonial:

Todas as que teñan un contido económico, tales como: intervencións bancarias, autorización de compra ou venda, autorización para realizar gastos (como por exemplo, o pagamento de recibos dun centro residencial), revogación de poderes anteriores,...

Este tipo de medida sería a adecuada, por exemplo, en situacións de impago dun servizo onde é atendido (residencia, centro de día...), en relación ao copagamento da cota ou por algún outro concepto; sobre todo se se producen habitualmente.

- Outras medidas:

En casos especiais, como son: intervención de armas, limitación de permiso de condución ou armas, entre outras.



### Como se adoptan as medidas cautelares?

Distínguense dúas formas para adoptar medidas cautelares, que deben garantir, en todo caso, a audiencia da persoa afectada. Tales formas son:

- A. Con audiencia previa: unha vez recibida a solicitude, dáse traslado á persoa con discapacidade para citala a unha vista na que manifieste o que considere oportuno en relación á medida. Resólvese por auto.
- B. Sen audiencia previa: en determinados casos, a necesidade require unha resposta tan urxente que non se podería resolver se previamente media a audiencia. En tales casos o xuíz acorda a medida unha vez recibida a solicitude e posteriormente garante a audiencia da persoa afectada.



### Como se solicitan as medidas cautelares?

A solicitude de adopción de medidas cautelares realízase mediante demanda dos lexitimados ou mediante comunicación dende o centro ou servizo que atende á persoa, dirixida á Fiscalía para que esta presente demanda. Esta solicitude debe dirixirse ao xulgado do lugar de residencia da persoa obxecto do procedemento, indicando, ademais dos datos da persoa, dun modo o máis concreto posible:

- As medidas que se solicitan
- Os medios para executalas
- A causa que xustifica a urxencia da medida

Para unha maior aclaración, inclúese no capítulo de Anexos un modelo de comunicación á Fiscalía (Modelo 7.1.5)

#### **2.4.2.- Medidas do Artigo 158 do Código civil. A xurisdición voluntaria**

As medidas cautelares, se ben ofrecen unha canle urxente para a adopción de medidas de protección, teñen o inconveniente de que están supeditadas a un proceso sobre a capacidade das persoas, ben iniciado ou de inminente inicio (se en 20 días non se presenta a demanda quedan sen efecto), polo que en ocasións non se adaptan a unha axeitada protección.

Estas ocasións son aquelas nas que non é necesario un proceso sobre a capacidade das persoas porque non presentan a necesidade dunha protección permanente, pero si é necesaria adoptar algunha medida en supostos tales como:

- cando é necesario adoptar medidas de carácter puntual para a súa protección (por exemplo, unha persoa de idade avanzada que ingresa nunha residencia e é necesario autorizar o cobramento do importe desta).
- cando non se coñece con exactitude se vai ser necesario acudir ao procedemento (como por exemplo, ante unha crise psiquiátrica para o ingreso en centro hospitalario e o seguimento da intervención durante un tempo para valorar se será necesario o proceso sobre a capacidade).

Nestas situacións pódese acudir ás medidas establecidas no artigo 158 do Código civil, que establece medidas dirixidas a menores de idade e que o artigo 216 do código establece que estas medidas son aplicables ás persoas con discapacidade.

As medidas que se establecen son:

- ✓ Aquelas convenientes para asegurar a prestación de alimentos e prover futuras necesidades.
- ✓ As apropiadas para evitar perturbacións danosas nos casos de cambio de titular da potestade de garda.
- ✓ As necesarias para evitar a subtracción dos fillos por algún dos proxenitores ou por terceiras persoas, en particular a prohibición de saída do territorio nacional, prohibición de expedición de pasaporte e sometemento á autoridade xudicial, previo cambio de domicilio.
- ✓ En xeral, todas aquelas que considere oportunas para evitar o perigo e prexuízos.

O xuíz, de oficio ou a instancia do propio interesado, de calquera parente ou do Ministerio Fiscal, poderá ditar algunha destas medidas, as cales poderán adoptarse en calquera tipo de procedemento, mesmo en procedemento de xurisdición voluntaria.

Este procedemento caracterízase por ser basicamente informal, no que non se fala de lexitimados, se non de interesados, polo que amplía o círculo de persoas que o poden solicitar



fronte aos procesos sobre a capacidade. A ista engádense outras vantaxes: non require de avogado nin procurador e, en materia de discapacidade, o xuíz e o fiscal deben, tanto suplir as insuficiencias das partes, como asesoralas.

Para iniciar este procedemento é necesario tramitar unha solicitude ao xulgado na que se exprese a situación en detalle e o xuíz, logo de informe do Ministerio Fiscal e a audiencia da propia persoa e demais interesados, resolve sobre a adopción da medida mediante auto.





# CAPÍTULO 3

medidas de apoio para  
persoas con discapacidade



### 3.1.- INTRODUCCIÓN: conceptos básicos

Sobre a base da modificación da capacidade das persoas a través do correspondente proceso, faise necesario articular un conxunto de medidas de apoio para estas mediante as que representar, apoiar e completar a capacidade que foi modificada.

Á luz da convención, cámbiase o modelo de representación ou substitución (tutela total) na toma de decisións, polo modelo de apoio na toma de decisións (traxes á medida). Neste contexto, configúranse as medidas de apoio para persoas con capacidade modificada xudicialmente que, de acordo aos preceptos da convención, se poden definir como o *conxunto de medidas adoptadas en relación a unha persoa con capacidade modificada xudicialmente, cuxo obxectivo principal é proporcionarlle os apoios que, de acordo coas súas circunstancias concretas, poida necesitar para o pleno exercicio da súa capacidade e potenciar a súa autonomía e o dereito de autodeterminación.*

O noso ordenamento xurídico establece distintas medidas de apoio que varían en canto ao grao de protección que precise a persoa. A continuación aparecen relacionadas e definidas as medidas de apoio (figuras de protección xurídica) existentes, pasando a abordar cada unha delas con máis detalle e profundidade nas epígrafes seguintes.

#### A tutela

É a institución de protección que supón un apoio máis intenso, en canto supón un *apoyo por substitución*. O titor é o representante da persoa con capacidade modificada e, en consecuencia, pode actuar no seu nome, nos termos establecidos na sentenza.

#### A curadoría

É a institución de protección que supón un apoio de menor intensidade, por canto as súas funcións son as de asistir e complementar a persoa con capacidade modificada, non a de representar (a diferenza da tutela)

#### A autotutela

É a posibilidade que ten unha persoa de adoptar as disposicións que estime pertinentes en canto á forma na que se deberá rexer a súa persoa e bens para o caso que nun momento determinado se encontre nunha situación de discapacidade que lle impida gobernarse por si mesma.

#### A defensa xudicial

É unha figura que responde á necesidade de outorgar unha protección de carácter puntual a unha persoa, ben nun proceso de modificación da capacidade, asumindo funcións procesais de representación e defensa, ou ben noutros supostos previstos no Código civil, asumindo as atribucións que lle confira o xuíz.

#### A patria potestade

É o conxunto de dereitos e obrigas que a lei recoñece aos pais sobre as persoas e bens dos seus fillos mentres estes son menores de idade, co obxectivo de permitir o cumprimento dos deberes que aqueles teñen de sostemento e educación de tales fillos.

#### A garda de feito

É a situación na que, sen resolución xudicial, unha persoa se encarga da garda e asistencia a unha persoa con discapacidade e/ou dependencia.

## 3.2.- A TUTELA



### Que é a tutela?

É a institución de protección que supón un apoio máis intenso, en canto supón un *apoio por substitución*. O titor é o representante da persoa con capacidade modificada e en consecuencia pode actuar no seu nome, nos termos establecidos na sentenza.

Como se desprende da definición, supón a substitución plena da vontade da persoa en canto á súa capacidade natural, polo que é desexable que se reserve esta figura de protección para os casos máis extremos de necesidade, nos que a persoa non teña posibilidade de participar sobre o goberno da súa persoa e bens, articulando, así mesmo, medidas adicionais de control e salvagarda.

Á luz da convención, esta concepción da tutela, en canto a figura de substitución ou representación da capacidade, vese relegada por un modelo de apoio na toma de decisións. Por iso, as sentenzas de modificación da capacidade deben ser máis concretas en canto ás limitacións desta; deben concretar, en consecuencia, o apoio que o titor debe de facilitar á persoa en relación a esas limitacións. Do mesmo modo en que se irán desterrando as actuais *incapacitacións totais* sen máis concreción nas sentenzas correspondentes, paralelamente irase tamén implantando o modelo de titor como figura de apoio, en vez da actual figura de substitución e representación global.



### Quen pode ser titor?

De acordo ao establecido no Código civil, pode ser nomeado titor calquera persoa física que se encontre en pleno uso dos seus dereitos civís (artigo 241) e as persoas xurídicas, en calquera das súas formas, públicas ou privadas, que non teñan finalidade lucrativa e entre cuxos fins figure a protección de persoas con discapacidade (artigo 242).



### Quen e como se nomea un titor?

Con carácter xeral, o titor désignase na propia sentenza xudicial de modificación da capacidade ou en resolución á parte, se procede, como nos casos de remoción do cargo ou falecemento do titor inicialmente nomeado.

O xuíz, á vista do expediente e coa audiencia das partes no procedemento de modificación da capacidade, debe proceder ao nomeamento dun titor seguindo a orde de prelación marcada no propio Código civil, que é:

- 1º. a persoa, física ou xurídica, que designou o propio tutelado cando estaba en condicións de facelo
- 2º. o cónxuxe que conviva co tutelado
- 3º. os pais
- 4º. a persoa, física ou xurídica, designada polos pais en documento notarial
- 5º. o descendente, ascendente ou irmán que designe o xuíz.

A pesar deste precepto legal, o xuíz, excepcionalmente e en resolución motivada, pode alterar esta orde de prelación se o beneficio da persoa así o esixe. Polo tanto, é o beneficio da persoa con capacidade modificada o que determina o nomeamento de titor, debendo motivar expresamente as causas se a orde de prelación se altera.



### É obrigatorio o exercicio do cargo?

Unha vez nomeado, o exercicio do cargo é de obrigado cumprimento. Pero poderase renunciar ao exercicio do devandito cargo, xa que, en base ao principio do maior interese da persoa coa capacidade modificada, non convén que as persoas que non están dispostas a asumir a tutela sexan nomeadas.

O Código civil, a través dunha figura que se denomina *escusa*, establece unha serie de causas polas que o titor pode renunciar ao exercicio do cargo e que deberá poñer de manifesto ao xuíz que o nomeou, no prazo de 15 días se é persoa física (artigo 252) e en calquera momento se a causa fose sobrevida (artigo 255). Non obstante, en tanto non se resolve a



escusa, a persoa nomeada deberá exercer o cargo e, no caso de que non o fixese, poderase nomear un defensor xudicial, á súa costa, se a escusa fose rexeitada.

As causas de escusa establecidas no Código civil (artigo 251) son as seguintes:

En canto ás persoas físicas:

- Por razóns de idade e/ ou enfermidade,
- Por ocupacións persoais ou profesionais
- Por falta de vínculos de calquera clase entre titor e tutelado
- Por calquera outra causa pola que resulte excesivamente gravoso o exercicio do cargo

En canto ás persoas xurídicas:

- Por carecer de medios dabondo para o axeitado desempeño da tutela.



### Cales son as funcións e responsabilidades do titor?

As funcións e responsabilidades do titor podemos analízalas en dous grandes grupos: de protección persoal e de protección patrimonial.

#### **Funcións de protección persoal:**

De acordo ao Código civil, entre estas funcións están a rehabilitación e o exercicio dos dereitos. Sempre de conformidade cos termos fixados na sentenza, o titor ten a obriga de asistir nas necesidades básicas da vida e prestar a debida atención para que a persoa con capacidade modificada teña cubertas tanto as necesidades vitais como asistenciais e, en todo caso, promover que poida exercer os seus dereitos en condicións de igualdade.

#### **Funcións de protección patrimonial:**

Na regulación do Código civil establécese unha administración patrimonial de carácter total, que debe en todo caso axustarse ao contido da sentenza e exercerse no exclusivo beneficio do tutelado *coa dilixencia dun bo pai de familia* (artigo 270). E, en todo caso, esta regulación debe ser interpretada conforme ao artigo 12.5 da convención, que

recoñece o dereito da persoa con discapacidade a controlar os seus propios ingresos en condicións de igualdade.



### **Pode tomar o titor calquera tipo de decisión con respecto ao tutelado?**

A pesar da ambigüidade, amplitude e alcance que se desprende da regulación, en canto ás funcións que describimos na cuestión anterior, é necesario aclarar que o titor, por selo e debendo exercer, non pode tomar, de seu, calquera tipo de decisións sobre o tutelado.

Ao igual que se establecen as medidas de protección para a persoa con capacidade modificada e se articulan figuras como a tutela, establécense tamén mecanismos e medidas de control e supervisión destas figuras co obxecto de salvagardar o beneficio da persoa con capacidade modificada. Estes mecanismos son de especial relevancia para os axentes implicados, xa que en ocasións, intervirán nalgunhas delas, debendo coñecelas e informar o titor en caso de que este as descoñeza.

O Código civil establece que en determinados supostos o titor precisará a autorización xudicial previa á actuación. A devandita autorización acordarase en interese da persoa, logo de audiencia do tutelado e coa intervención do Ministerio Fiscal, efectuando no seu caso as dilixencias que considere pertinentes (artigo 273).

As actuacións tipificadas na lei (artigo 271) para as que o titor precisa autorización xudicial son:

- ✓ Ingreso do tutelado nun establecemento de saúde mental ou de educación ou formación especial.
- ✓ Allear ou gravar bens inmobles, establecementos mercantís ou industriais, obxectos preciosos e valores mobiliarios, ou asinar contratos ou realizar actos que teñan carácter dispositivo e sexan susceptibles de inscrición.
- ✓ Renunciar a dereitos, así como transixir ou someter a arbitraje cuestións en que o tutelado estivese interesado.
- ✓ Aceptar, sen beneficio de inventario, calquera herdanza ou repudiar esta ou as liberalidades<sup>(1)</sup>.
- ✓ Facer gastos extraordinarios nos bens

- ✓ Entaboar demanda en nome do tutelado, salvo nos asuntos urxentes ou de escasa contía
- ✓ Ceder bens en arrendamento por tempo superior a seis anos
- ✓ Dar e tomar diñeiro a préstamo
- ✓ Dispoñer a título gratuito de bens ou dereitos do tutelado
- ✓ Ceder a terceiros os créditos que o tutelado teña contra el, ou adquirir a título oneroso os créditos de terceiros contra o tutelado.

(<sup>1</sup>) Respecto da necesidade de autorización para recibir herdanzas, a Lei 2/2006, do 14 de xuño, de dereito civil de Galicia, establece no artigo 271 que "se concorren á sucesión menores ou incapacitados legalmente representados non será necesaria a intervención nin a aprobación xudicial para os efectos de aceptar ou partir a herdanza". Polo tanto, en Galicia non sería esixible a solicitude desta autorización.



#### Que dereitos ten o titor?

O titor, para o cumprimento das súas funcións e, no caso que sexa necesario, poderá requirir o auxilio xudicial (artigo 268 do Código civil), entendendo que este auxilio permite, entre outras, a lexitimación para solicitar e obter dos organismos públicos a información xurídica e económica de relevancia patrimonial e contable que resulte de interese para o exercicio das súas funcións.

Así mesmo, o titor poderá obter unha retribución sempre que o patrimonio do tutelado o permita, atendendo ao rendemento dos seus bens e aos esforzos que supoña o exercicio da tutela, que será fixado xudicialmente entre o 4-20% do rendemento líquido dos bens (artigo 274).

En todo caso, o exercicio do cargo de titor non pode supoñer un gasto ou prexuízo e, en consecuencia, sempre que sexa exercido diligentemente, dará dereito ao resarcimento polos gastos que ocasionase o exercicio da tutela, así como polos danos e prexuízos que tivese sufrido no seu exercicio. En ningún caso o exercicio da tutela por si mesmo dá dereito ou converte unha persoa ou institución en herdeiro.



#### Pode ser cesado un titor do seu cargo?

O cargo de titor responde ás necesidades de protección da persoa con capacidade modificada. Polo tanto, naqueles supostos en que o titor non desempeñe ben as súas funcións pode ser cesado no seu cargo pola autoridade xudicial, ao cal se denomina *remoción*.

Pode producirse a remoción (artigo 247 do Código civil) naquelas situacións nas que, tras o nomeamento do titor, este incorra nalgunha causa pola que non poida ser titor, desempeñe mal o cargo co incumprimento dos deberes propios ou cando existan problemas de convivencia graves e continuados co tutelado.

A remoción será acordada polo xuíz, a petición do Ministerio Fiscal ou de persoa interesada, mediante procedemento no que serán oídos o titor e o tutelado. Neste procedemento poderán adoptarse as medidas pertinentes, en tanto non se resolva aquel (como por exemplo o nomeamento dun defensor xudicial).



#### **Pode extinguirse unha tutela?**

De acordo ao Código civil, a tutela extínguese:

- Por morte do tutelado
- Por cambio da situación e cambio da modificación da capacidade



#### **Existen mecanismos de control sobre o exercicio da tutela?**

A lei determina, ademais das obrigas do titor, os mecanismos de control sobre o seu exercicio co paradigma, sempre, da protección do tutelado e no seu beneficio.

É necesario facer de novo mención á convención e aos preceptos que introduce, xa que esixe un control xudicial e dos poderes públicos do exercicio dos cargos tutelares. Neste sentido, con calquera tipo de cargo de protección e apoio, na sentenza, ao igual que se detallarán as capacidades modificadas e as funcións do titor, é desexable que se estableza tamén nesta un medio de control, tanto inicial, como durante o seu desempeño.

O control sobre o exercicio de tutela está regulado no propio Código civil, que establece un sistema de control que inclúe tanto os criterios xerais coma o detalle dos elementos que deben xustificar os titores ante a autoridade xudicial. O sistema de control comprende:

### a. Control inicial

A primeira obriga do titor é a de formar o inventario inicial de bens no prazo de 60 días dende a aceptación do cargo (este prazo pódese ampliar se hai xustificación). Neste inventario deben recollese os bens e dereitos de calquera tipo que teña a persoa, así como as súas débedas e obrigas, incluídas as que teña o propio titor fronte ao tutelado. Unha vez presentado, logo do informe do Ministerio Fiscal, debe ser aprobado polo xuíz.

No capítulo de Anexos facilítase un modelo deste inventario a título informativo (Modelo 7.2.1). Na situación actual, trátase dun informe da situación patrimonial do tutelado pero, no futuro e, sobre a base dos preceptos da convención, debe incluír tamén un plan de tutela no que se especifique tamén a súa situación persoal e as previsións de futuro.

### b. Control durante o exercicio

En canto ao control durante o exercicio da tutela pódese distinguir entre:

➤ Control ordinario:

O control ordinario é a rendición de contas con carácter anual (achégase modelo a título informativo no capítulo de Anexos; Modelo 7.2.2). Esta rendición é a xustificación por parte do titor das actuacións levadas a cabo nese ano e deberá ser aprobada polo xuíz logo do informe do Ministerio Fiscal.

Ao igual que o inventario, centrouse tradicionalmente no ámbito patrimonial. En todo caso, debe recoller os elementos que determinen cal é a situación da persoa con capacidade modificada, así como as actuacións para a súa efectiva integración social, conforme á liña xa apuntada do *plan de tutela*. Na rendición débense incluír os seguintes elementos:

- ✓ Lugar de residencia do tutelado.
- ✓ Estado de saúde en xeral, así como a atención persoal e asistencial que puidese requirir.
- ✓ Actividades desenvolvidas para lograr unha maior autonomía persoal e unha mellor inserción social.
- ✓ Asistencia a centros de formación ou talleres de traballo.

Neste contexto, sería desexable que os axentes implicados facilitasen ao titor con carácter anual, a xeito de informe, unha rendición de prestación de servizos

e desenvolvemento de actividades sobre o tutelado, co obxecto de que á súa vez o titor poida cumprir coas súas obrigas dun modo máis axeitado e, ademais, facilitar con iso o labor do Ministerio Fiscal no control do exercicio de cargos tutelares.

➤ Control extraordinario (artigos 232 e 233 do Código civil):

En calquera momento o xuíz e o Ministerio Fiscal poden esixir a xustificación da súa actuación. Normalmente este control realízase ante o coñecemento, por calquera forma, da existencia dalgunha anomalía, por exemplo, ante a información dun profesional sobre indicios ou evidencias de actuacións do titor que considera non adecuadas.

**c. Control final (artigos 279-285 do Código civil):**

Corresponde ao titor, ao cesar no cargo por calquera causa, así como nos casos de remoción do titor e nos casos de escusa sobrevida, presentar a conta xeral xustificada da súa administración, ante a autoridade xudicial, no prazo de 3 meses (prorrogables) dende o fin da tutela. A conta xeral é a suma de todas as rendicións de contas, podendo presentar un saldo favorable ao titor ou ao tutelado, segundo se producisen os ingresos e gastos.

### **3.3.- A CURADORÍA**

A curadoría é unha institución de protección que supón un apoio de menor intensidade, por canto as súas funcións son as de asistir e complementar a persoa con capacidade modificada nos termos establecidos na sentenza. O curador non substitúe nin representa o curatelado (a diferenza da tutela), senón que debe concorrer con el para a realización do acto.

Segundo establece o Código civil (artigo 286), estarán sometidos a curadoría as persoas que así se determine na sentenza, a cal debe sinalar os actos nos que o curador debe intervir. En caso de que a sentenza non o explicita, serán os mesmos actos para os que o titor require autorización xudicial.

En relación ás cuestións sobre o nomeamento de curador, quen pode ser curador (lexitimación), extinción da curadoría, mecanismos de control, cesamento e obrigatoriedade do cargo, hai que remitirse ao establecido para a tutela.

Tradicionalmente esta figura asociouse, e o Código civil parece referilo así, a unha curadoría de carácter patrimonial. A raíz da convención, esta figura pode ter un contido tanto patrimonial como persoal. Na actualidade existen antecedentes sobre o uso desta figura para cuestións relativas á saúde (como por exemplo, unha curadoría para someterse a un tratamento axeitado nos casos de patoloxías psiquiátricas).

### **3.4.- MEDIDAS DE APOIO PREVENTIVAS**

Por medidas de apoio preventivas enténdese aquelas que a lei prevé para que poidan establecer, tanto a propia persoa coma os seus proxenitores, con carácter previo á situación de perda de capacidades a consecuencia dunha discapacidade e/ou dependencia. Tales medidas poden establecelas:

- O propio interesado (persoa con discapacidade): a autotutela e poderes preventivos. Estas medidas pode adoptalas o propio interesado mentres non teña a súa capacidade modificada xudicialmente.
- Os proxenitores: patrimonios protexidos e outras medidas.

Estas medidas son de especial relevancia para as persoas con discapacidade e os seus familiares, por canto lles permiten decidir acerca da súa propia protección xurídica e na totalidade do seu ciclo vital. Os axentes implicados na súa atención dispoñen dunha posición privilexiada para levar a cabo un labor informativo, preventivo, de asesoramento e apoio á persoa e aos seus familiares, especialmente no caso das enfermidades dexenerativas.

### 3.4.1.- MEDIDAS DISPOSTAS POLO PROPIO INTERESADO

#### A AUTOTUTELA

Por autotutela enténdese a posibilidade que ten unha persoa, que non ten a súa capacidade modificada xudicialmente, de adoptar as disposicións que estime pertinentes en canto á forma na que se deberá rexer a súa persoa e bens, para o caso de que nun momento determinado se encontre nunha situación de discapacidade que lle impida gobernarse por si mesma e, polo tanto, sexa obxecto de modificación xudicial da súa capacidade. É un suposto que ten un especial interese no caso de enfermidades dexenerativas.

En Galicia, a autotutela está recollida na *Lei 2/2006, do 14 de xuño, de Dereito civil de Galicia*. A lei prevé que unha persoa, mediante documento público notarial, poida:

- ⇒ Designar a persoa (física ou xurídica) que haxa de ser o seu titor e considerala como preferente na orde de prelación establecida legalmente (véxase epígrafe de tutela).
- ⇒ Adoptar as disposicións relativas á súa persoa e bens.

Este último aspecto é o máis importante, en canto permite que a persoa estableza as normas polas que se debe rexer, cando non poida decidir, tanto a súa persoa (como por exemplo, o seu lugar de residencia) como os seus bens. Estes termos tan xenéricos establecidos na lei permiten establecer calquera tipo de réxime, así como os controis e cautelas que considere oportuno. Así, a persoa poderá determinar unha grande amplitude de cuestións sobre a súa persoa e bens, entre as que se poden mencionar:

- medidas de control e vixilancia da actuación tutela,
- fixar a retribución do futuro titor,
- establecer regras xerais de funcionamento e contido da tutela prevista,
- nomear substitutos dos titores designados,
- excluír determinadas persoas para o exercicio do cargo,
- etc.



## **PODERES PREVENTIVOS**

Dentro das facultades da autotutela, encóntranse os denominados poderes preventivos, sobre a base dos que se establece que unha persoa, en sede de mandato, poida facilitar poderes a un terceiro para actuar no seu nome, os cales poden continuar sendo válidos tras unha sentenza sobre a súa capacidade, se así o estableceu previamente no documento público de poderes. Supoñen dar validez aos poderes para actuar no seu nome, ben no caso de que se declare que non pode rexerse por si mesmo, ou ben que se manteña a validez do poder.

Estes poderes pódense supoñer, nalgúns casos, suficientes para a protección da persoa, sen necesidade de acudir a un proceso sobre a súa capacidade. Están regulados no artigo 1.732 do Código civil, que establece que os poderes operarán salvo que o xuíz estime o contrario.

### **3.4.2.- MEDIDAS DISPOSTAS POLOS PROXENITORES**

O artigo 223 do Código civil establece que os pais que non se encontren privados da patria potestade poden, en documento público, case nos mesmos termos que para a autotutela, establecer as previsións que estimen oportunas en canto á designación de titor e modo de exercer o cargo tutelar, tanto na esfera persoal como patrimonial. Estas medidas vincularán o xuíz, salvo que este considere de forma motivada outra disposición nun superior interese da persoa con discapacidade.

Por outro lado, a través do testamento, os proxenitores poden adoptar medidas de protección en relación aos seus fillos con discapacidade; medidas tan variadas como situacións persoais e patrimoniais poidan existir. A xeito de exemplo, podemos mencionar algunhas posibles medidas a adoptar en testamento: constitución de vitalicio, atribución de usufruto, ampliación da lexítima, doazóns e legados, dereitos de cuarto...

### 3.4.3.- PATRIMONIOS PROTEXIDOS

A cabalo entre as medidas preventivas do propio interesado e as dos seus proxenitores, encóntranse os patrimonios protexidos, como unha figura de protección que pode ser constituída tanto pola persoa interesada, mentres sexa capaz, como polos seus pais, titores, curadores ou gardadores de feito.

Os patrimonios protexidos, creados pola *Lei 41/2003, do 18 de novembro, de protección económica da persoa con discapacidade*, supoñen a creación dun patrimonio, unha agrupación de bens, diñeiro e dereitos, en beneficio dunha persoa con discapacidade, para satisfacer as súas necesidades vitais. Esíxese un grao de discapacidade do 65%, se a causa é física, e do 33%, se é psíquica.

Constitúense mediante documento público que debe, en todo caso, recoller a achega inicial a título gratuíto, réxime das posteriores achegas, así como as normas de administración e destino tras a extinción. O notario comunica ao Ministerio Fiscal este documento e, para que teña efectos fronte a terceiros, debe inscribirse no Rexistro civil e no da Propiedade.

Distínguense dous tipos de patrimonio protexido:

- ✓ de gasto, para garantir un determinado nivel de vida,
- ✓ de aforro, co propósito de crear un patrimonio para que a persoa con discapacidade dispoña de independencia económica.

En canto á súa administración, dependendo de quen constitúa o patrimonio protexido, será realizada:

- ⇒ se o constitúe a propia persoa, por ela mesma, mentres conserve a capacidade,
- ⇒ se o constitúen terceiros, administrarao o propio constituínte ou un administrador, que debe someterse, en todo caso, a autorización xudicial previa, nos mesmos casos que o titor.

O control sobre os patrimonios protexidos é unha atribución, principalmente do Ministerio Fiscal, que levará a cabo unha supervisión extraordinaria, cando considere que as circunstancias o requiren, e un control ordinario mediante a rendición de contas anual do administrador.

### 3.5.- A DEFENSA XUDICIAL

É unha figura que responde á necesidade de outorgar unha protección de carácter puntual a una persoa, ben nun proceso de modificación da capacidade, asumindo funcións procesais de representación e defensa, ou ben noutros supostos previstos no Código civil, asumindo as atribucións que lle confira o xuíz. Nun e noutro caso constitúese como un garante da representación e protección dos dereitos e intereses da persoa.

A defensa xudicial vinculada a un proceso de modificación da capacidade dunha persoa, supón asumir, exclusivamente, as funcións procesais de representación e defensa da persoa sobre a que recae o proceso. Pode ser asumida por distintas persoas (ver capítulo 2).

A defensa xudicial, como figura de protección xurídica para persoas que xa teñen a capacidade modificada xudicialmente, ten unha maior amplitude de funcións e está regulada no Código civil, que establece que esta figura será de aplicación:

- ✓ cando exista conflito entre o titor e o tutelado
- ✓ cando o titor ou curador non cumpra as súas obrigas con dilixencia, en tanto non se adopten medidas definitivas
- ✓ cando se produce a remoción do titor, en tanto non se nomea un novo titor
- ✓ cando a autoridade xudicial considere necesaria esta medida en interese da persoa.

Neste contexto, o defensor xudicial é unha figura de carácter transitorio e temporal que responde á necesidade de outorgar unha protección de carácter puntual á persoa con capacidade modificada, mentres persista a causa que motivou o seu nomeamento.

Será nomeado polo xuíz, que ademais determinará as súas funcións e ante o cal deberá rendirle contas ao final da súa actuación. Deberá ser a autoridade xudicial a que determine con claridade cales son as facetas para as que se nomea o defensor xudicial, así como as súas atribucións. Estas atribucións poderán ser tanto de carácter persoal como patrimonial se non hai establecida ningunha limitación no nomeamento. En canto á escusa e remoción do cargo, rexen as mesmas normas que para a tutela.

### **3.6.- A GARDA DE FEITO**

Figura de protección de especial relevancia para os axentes implicados porque é moi habitual que a persoa con discapacidade non teña a súa capacidade modificada xudicialmente, pero si dispoña dun familiar ou achegado de referencia que toma as decisións desta.

A garda de feito é a situación na que, sen resolución xudicial, unha persoa se encarga da garda e asistencia a unha persoa con discapacidade. Polo tanto é, como o seu nome indica, unha situación de feito, á que o ordenamento xurídico recoñece efectos e, como todas as situacións de feito, formula problemas en canto á súa regulación, que é deficiente.

É un recoñecemento da evidencia de que en moitas ocasións existen persoas que están a exercer funcións de protección e apoio sen que exista, nin declaración sobre a capacidade, nin nomeamento formal como apoio.

Neste sentido, a garda de feito, con todas as cautelas que supón a falta de regulación, é unha forma de protección que permite un control xudicial da mesma, posibilidade establecida nos artigos 303 e 304 do Código civil.

En calquera momento a autoridade xudicial poderá esixir a rendición de contas ao gardador de feito, ademais da posibilidade de que se establezan as medidas de control e vixilancia, xunto co recoñecemento da validez dos actos realizados en utilidade da persoa con discapacidade.

A figura de gardador de feito mostrouse especialmente útil no control dos patrimonios das persoas ingresadas en centros residenciais, para a esixencia, ás persoas que aparecen como responsables ou que administren de feito bens da persoa con discapacidade, de render contas da súa administración.

### **3.7.- A PATRIA POTESTADE**

O artigo 171 do Código civil establece:

*A patria potestade sobre os fillos que tivesen sido incapacitados quedará prorrogada, por ministerio de lei, ao chegar aqueles á maioría de idade. Se o fillo maior de idade solteiro que vivira en compañía dos seus pais ou de calquera deles fora incapacitado, rehabilitarase a patria potestade, que será exercida por quen correspondera se o fillo fose menor de idade. A patria potestade prorrogada en calquera destas dúas formas exercerase con suxeición ao especialmente disposto na resolución de incapacitación e, subsidiariamente, nas regras do presente título.*

Despréndese deste artigo que, nos casos de menores de idade con capacidade modificada xudicialmente, se prorroga a patria potestade dos pais sobre os fillos ao chegar á maioría de idade, de modo que non é necesario esperar ao momento de que cumpra esta maioría de idade e iniciar un proceso sobre a capacidade. Así mesmo, diferénciase entre:

- patria potestade prorrogada, nos casos de menores con capacidade modificada xudicialmente ao chegar á maioría de idade.
- patria potestade rehabilitada, nos casos de persoas con capacidade modificada xudicialmente que continúen convivindo con algún dos proxenitores e que sexa solteiro.

En todo caso e, en relación a calquera dos dous tipos de patria potestade, o xuíz poderá establecer as medidas de control que considere axeitadas, tales como a rendición de contas.

### **3.8.- ENTIDADES TUTELARES**

Como xa se indicou, os cargos tutelares, de calquera tipo, poden ser asumidos por persoas físicas ou xurídicas, coa salvidade de que no caso destas últimas, en calquera das súas formas, públicas ou privadas, non deben ter finalidade lucrativa e entre os seus fins debe figurar a protección de persoas con discapacidade.

Neste contexto sitúanse as entidades non lucrativas que exercen e/ou poden exercer cargos tutelares, por estar contemplada esta función nos seus estatutos e, dentro delas, as entidades especificamente tutelares. Destas últimas achégase no capítulo de Anexos, a relación das existentes en Galicia coas súas principais características de actuación e datos de contacto.

Como unha primeira aproximación, podemos sinalar que os servizos de cargos tutelares prestados por entidades sen ánimo de lucro, de carácter público ou privado, para persoas con discapacidade, son servizos destinados a velar pola persoa con capacidade modificada xudicialmente, coa finalidade de facer todo o necesario para o desenvolvemento global e a mellor inclusión na sociedade desta e de mellorar a súa calidade de vida así como, se procede, representar a persoa e administrar os seus bens de acordo co establecido na sentenza xudicial correspondente.

A elas adóitase recorrer cando unha persoa non ten familiares que poidan exercer o cargo ou cando, existindo familiares, non é conveniente ou posible o seu nomeamento como titor.

As entidades tutelares exercen cargos de protección para os que foron designadas con carácter institucional e prestan un servizo profesional. A normativa, en canto á regulación das medidas de protección, non establece ningunha diferenza entre que o cargo sexa asumido por unha persoa física ou xurídica. Estas entidades están obrigadas ao cumprimento e observancia estrita da regulación establecida para a totalidade de cargos de protección tipificados na lei.

Á luz da convención, estas entidades poden xogar un papel importante na introdución e execución dos novos paradigmas desta, ao configurar servizos profesionais no exercicio das medidas de apoio para persoas con capacidade modificada, ao desenvolver un traballo individualizado e adaptado ás necesidades de cada persoa (traxes á medida) e ao facer efectivos os plans de tutela.

### **Fundación Pública Galega para a Tutela de Persoas Adultas (FUNGA)**

Como referente de entidade tutelar en Galicia, está a FUNGA, única entidade pública que ten por obxecto a tutela das persoas adultas coa capacidade xurídica modificada en Galicia. A FUNGA foi constituída pola Xunta de Galicia no ano 1996, cuxo ámbito estatutario de actuación radica na capacidade das persoas e á que se lle asignan dous labores fundamentais:

- ☒ Un labor xenérico, pois afecta á totalidade das comunidades, que consiste na prestación de servizos de apoio, orientación e asesoramento sobre esta materia a todas aquelas persoas, físicas ou xurídicas, que o poidan precisar. Así mesmo impulsa e participa en actividades formativas e de sensibilización social para fomentar o respecto aos dereitos

das persoas maiores de idade coa capacidade modificada e procura a súa maior integración e normalización na sociedade.

- ⊗ E un labor específico, por ir directamente dirixido a un perfil de persoas determinado, que consiste en prestar o apoio e protección precisos ás persoas coa capacidade modificada xudicialmente, a través das figuras xurídicas da tutela e da curadoría, así como ás persoas incursoas nun procedemento xudicial de modificación da capacidade, a través do exercicio dos cargos de defensor xudicial e administrador de bens, nos que desenvolve as funcións que se determinen como medidas cautelares.

Este último labor realízase logo de nomeamento xudicial e afecta única e exclusivamente a aqueles aspectos determinados pola autoridade xudicial. Será de carácter subsidiario (posto que a Fundación só actuará no caso de que non exista outra persoa ou institución que poida asumir estas función, tendo en conta o marco de prioridades establecido no Código civil) e está dirixido a aquelas persoas que cumpran o seguinte perfil:

- ✓ Ser maior de idade.
- ✓ Residir na Comunidade Autónoma de Galicia.
- ✓ Ter a capacidade modificada xudicialmente ou estar incurso/a nun procedemento xudicial de modificación da capacidade.
- ✓ Encontrarse en situación de desamparo, é dicir, carecer de familia, persoa ou institución idónea para o exercicio do cargo tutelar ou que, de existir, non se encontre en condicións de exercer estas funcións coas garantías requiridas.

A existencia dunha fundación tutelar pública destas características achega as seguintes vantaxes:

- Ten un carácter estable e permanente no tempo.
- Garante a existencia dun referente para a execución do sistema de apoio ou protección xudicialmente determinados (titor, curador,...) para aqueles casos de inexistencia doutra persoa física ou xurídica idónea.

- Está suxeita tanto aos controis xudiciais e do Ministerio Fiscal, propios a todos aqueles que desempeñan este tipo de cargos, como tamén aos da Administración, derivados da súa condición de entidade pública.
- Presta asesoramento persoal e especializado a todas aquelas persoas físicas ou xurídicas, familiares ou profesionais, que o precisen.
- Fomenta a sensibilización social, a normalización e protección dos dereitos das persoas con discapacidade.

A xeito de aclaración é necesario dicir que:

- o A FUNGA non inicia directamente procesos xudiciais de modificación da capacidade.
- o A FUNGA non xestiona, non é titular nin presta servizos residenciais, o que permite o control da calidade do servizo prestado.
- o O feito de que unha persoa estea tutelada pola FUNGA non implica a perda ou anulación do seu dereito ao acceso ao resto de servizos sociais.

Como conclusión, hai que subliñar que a actuación da FUNGA terá sempre un carácter subsidiario, coordinada co resto de servizos e baseada no beneficio da persoa con discapacidade.

### **3.9.- OBRIGAS DOS AXENTES IMPLICADOS COAS FIGURAS DE PROTECCIÓN**

Os profesionais son axentes de intervención no conxunto de procesos que forman parte da persoa con discapacidade. Entre estes procesos sitúase dun modo moi relevante a súa situación xurídica, por canto limita e condiciona a súa capacidade no ámbito xurídico e tamén aos axentes implicados para o seu exercicio, condicionados e limitados nas súas intervencións, que deben realizarse de acordo cos preceptos legais establecidos en cada caso.

Todos os axentes implicados, en maior ou menor medida, teñen unha vinculación directa co cargo de protección da persoa con capacidade modificada (titor, curador,...). Uns, os



profesionais, como gardadores de feito e/ou centros de referencia da persoa; outros, as figuras de protección, como referentes legais desta en maior ou menor medida e, polo tanto, a través dos que se garante a protección dos seus dereitos. No centro de ambos os dous, encóntrase a persoa con capacidade modificada, sobre a que deben pivotar todas as intervencións dirixidas a garantir o tratamento máis idóneo con plena garantía de dereitos e protección xurídica.

A relación, comunicación e coordinación entre ambos os dous axentes debe ser fluída e adecuada co obxecto de que cada un, no exercicio das súas funcións e responsabilidades, garantan a atención á persoa e a salvagarda dos seus dereitos. Na atención habitual, en ocasións esta coordinación e comunicación non é todo o fluída que se desexaría para o benestar da persoa obxecto de atención, ou xorden dúbidas sobre cales son as responsabilidades de cada un dos axentes, ou, en casos máis conflitivos, mesmo xorden discrepancias en canto a criterios para a toma de decisións.

Existen unha serie de obrigas legais de carácter xeral que determinan estas responsabilidades dende os axentes implicados, cara ás figuras de protección. Agora ben, antes de detallalas, é necesario establecer o punto de partida da relación dos axentes implicados coas figuras de protección, que é A SENTENZA DE MODIFICACIÓN DA CAPACIDADE E O NOMEAMENTO DA FIGURA DE PROTECCIÓN.

Ambas as dúas cuestións adoitan estar na mesma sentenza e son a referencia para a intervención dos axentes implicados neste proceso. A sentenza determina os límites da modificación da capacidade da persoa e, polo tanto, aquelas cuestións nas que debe intervir a figura de protección (no seu nome ou acompañándoo), e, en consecuencia, o contexto xurídico no que os axentes deben relacionarse cun e outro.

De aí, non só a importancia, se non a obriga dos axentes, especialmente se se trata dun servizo de tipo residencial, de ter esta sentenza como parte fundamental do expediente da persoa. No caso contrario, poderíase incorrer, por descoñecemento, no incumprimento de obrigas legais coa persoa con capacidade modificada, a súa figura de protección e/ou a autoridade xudicial, e, por ende, non se estaría a cumprir con dilixencia a protección xurídica da persoa. Naqueles casos nos que unha situación non estea recollida na sentenza dun modo explícito, realizarase a interpretación máis favorable para a persoa.

As obrigas dos axentes implicados en relación ás persoas con capacidade modificada xudicialmente e a súa figura de protección xurídica, pódense agrupar en:

## De coñecemento

Referido tanto á situación xurídica da persoa con capacidade modificada, como aos termos desta e, en consecuencia, as funcións e responsabilidades da figura de protección.

Esta obriga refírese tamén ao coñecemento sobre as cuestións básicas da protección xurídica á discapacidade, xa que os axentes implicados na atención a esta teñen, pola súa proximidade, unha posición privilexiada no acompañamento vital da persoa e a súa figura de protección.

## De información

Nunha dobre vía: a información que reciben dende esa posición de proximidade e, outra, a información que deben facilitar dende esta.

En moitos casos, tanto a persoa con discapacidade (tendo ou non a súa capacidade modificada xudicialmente) como as figuras de protección, non teñen coñecemento dalgunhas cuestións relevantes tanto en canto aos seus dereitos e obrigas, como en canto a distintas posibilidades para exercer a súa protección xurídica. É neste sentido que os axentes implicados teñen a responsabilidade de coñecer primeiro e informar a continuación sobre estas cuestións, así como facilitarlles o seu exercicio.

Por outro lado, é moi importante que os axentes implicados se preocupen dende o inicio da súa intervención (especialmente nos centros residenciais), por coñecer a situación xurídica da persoa e os seus proxenitores; en canto se estableceron algunha medida preventiva ao respecto da súa protección xurídica e con iso poden actuar no momento que corresponda (como por exemplo, se unha persoa cunha enfermidade dexenerativa ou os seus proxenitores dispuxeron o establecemento dunha figura de protección nalgunha persoa/ institución concreta).

## De comunicación

Tamén nunha dobre vía: dun lado, á figura de protección xurídica e á propia persoa con capacidade modificada e, doutro, á administración de xustiza.

En canto a esta última, os axentes implicados, pola súa proximidade á situación real das persoas, teñen unha posición moi vantaxosa para poder valorar cuestións tan importantes como: detección de sinais de posible necesidade de modificación da capacidade, indicios de exercicio negligente ou inadecuado dunha figura de protección xurídica nas súas funcións e responsabilidades, adecuación das medidas de apoio establecidas, cambios substanciais na situación persoal do interesado, etc. Neste sentido, os axentes implicados constitúen un nexo de comunicación directo coa Administración de Xustiza, sendo de obrigada comunicación.

En canto ás figuras de protección xurídica, esta comunicación, ademais de fluída e coordinada para o interese da persoa, debe ter en conta o aspecto formal e, neste senso, debe realizar comunicacións extraordinarias ante feitos ou sucesos de especial relevancia (como por exemplo o seu ingreso hospitalario por unha urxencia) e comunicacións ordinarias para o exercicio do seu cargo de protección (como o envío de informes anuais sobre a atención prestada desde o centro). En calquera caso, estas comunicacións realizaranse en relación ás cuestións establecidas na modificación da capacidade e ás responsabilidades da figura de protección.

## De autorización

Os axentes implicados deben ter en consideración, tanto as autorizacións que precisan por parte da figura de protección, con carácter previo ao desenvolvemento dunha actividade ou actuación, coma as autorizacións que a figura de protección á súa vez precisa por parte da autoridade xudicial.

En relación ás autorizacións que os axentes implicados precisan da figura de protección, en ocasións, a atención á persoa con capacidade modificada supón a realización de actuacións, actividades ou outro tipo de accións sobre as que se debe obter, con carácter previo á súa realización, unha autorización da figura de protección, en tanto que é a persoa autorizada para tomar as decisións nos termos da sentenza. Como exemplo

dalgunhas destas actuacións podemos mencionar, entre outras: participar nun estudo ou investigación, acudir a excursións que supoñan pasar a noite fóra do centro residencial, gastos extraordinarios que precise.

Por outra parte, están as autorizacións que a figura de protección xurídica precisa, con carácter previo á súa realización, por parte da autoridade xudicial (ás que xa fixemos mención na epígrafe de tutela). Os axentes implicados deben asegurarse de que a figura de protección dispón da devandita autorización previa e, en caso de non dispoñer dela, informar da súa necesidade. A realización de actuacións tipificadas na lei sen autorización previa por parte da figura de protección, aínda con coñecemento da súa obriga e con carácter reiterado, son un indicio de que a mencionada figura non realiza con dilixencia o seu exercicio, e, polo tanto, é de obrigado cumprimento por parte dos axentes poñelo en coñecemento do Ministerio Fiscal para que realice as actuacións que considere oportunas.

## **De documentación**

Os axentes implicados deben facilitar á figura de protección xurídica toda a documentación necesaria para o cumprimento das súas obrigas, así como á autoridade xudicial, cando o solicite ou se considere oportuno por algunha circunstancia especial.

Sen prexuízo de cantos sexan necesarios, hai unha serie de documentos de especial relevancia neste contexto, como son, entre outros: o contrato de incorporación a un centro/servizo (que debe estar formalizado por escrito e asinado por ambas as dúas partes), a contratación de prestación de servizos, o rexistro de gastos correntes realizados pola persoa, logo de asignación por parte da figura (debendo rexistrarse entradas e saídas, tipo e cantidade de diñeiro en metálico asignado, xustificantes de gasto,...).

A documentación relativa á situación xurídica da persoa, así como a comunicación coa figura de protección asignada e resto de documentos mencionados, forman parte do expediente individual da persoa que está obrigado a custodiar o centro ou servizo que lle atende.



# CAPÍTULO 4

ingresos involuntarios  
en centros



## 4.1.- INTRODUCCIÓN

Ao longo do seu ciclo vital, é probable que as persoas con discapacidade precisen nalgún momento de ingresar nun centro de atención á súa discapacidade e/ou dependencia. Nalgúns casos, a persoa non ten a capacidade para decidir ao respecto e, polo tanto, faise necesario decidir por ela e no seu beneficio e protección.

Estas intervencións presentan dificultades debido a que a nivel xurídico se produce un conflito de intereses entre dous dereitos fundamentais: a protección á saúde e a liberdade. O artigo 17 da Constitución española establece que *toda persoa ten dereito á liberdade e á seguridade*. Neste sentido, á luz da convención parece que poden ser necesarias modificacións normativas nos procesos nos que se determina un ingreso involuntario.

Os ingresos involuntarios serán aqueles que se produzan cando a persoa, por razón dun trastorno psíquico, non está en condicións de decidir por si mesma respecto do ingreso e, en consecuencia, requiren de autorización xudicial para protexer a súa saúde e, polo tanto, é necesario que se estableza unha restrición da súa liberdade.

Dende esta perspectiva, o ingreso involuntario configúrase como unha medida excepcional, que debe ser empregada cando non se poida producir dunha forma efectiva unha debida protección no ámbito domiciliario, que se debe considerar como preferente e, en todo caso, con plenas garantías xudiciais do exercicio dos dereitos da persoa.

Tradicionalmente, considerouse que os supostos de ingreso involuntario unicamente respondían a casos de ingresos puramente psiquiátricos, para unha atención máis ou menos puntual, e máis ou menos duradeira. Non obstante, a tendencia xurisprudencial é a aceptación da aplicación deste mesmo procedemento para o ingreso nun centro de atención, xa que o relevante é que exista unha persoa que non teña capacidade para decidir sobre o ingreso e que este sexa necesario para o mantemento da súa saúde, como por exemplo, ingresar nun centro residencial.

Esta posición determina que a autorización xudicial se deba producir, tanto nos casos en que dende o inicio a persoa non teña capacidade para decidir sobre o ingreso, como naqueles casos en que se produza unha situación sobrevida, na que tras un ingreso de carácter voluntario, este deveña en involuntario, porque a persoa perde a capacidade para decidir por si mesmo (enfermidades dexenerativas) ou ben porque mostre a súa oposición ao mantemento do ingreso


(principalmente nos ingresos psiquiátricos) e sempre que este sexa necesario para o mantemento da saúde e integridade da persoa.

En calquera caso, sexa inicial ou por unha situación sobrevida, é imprescindible e absolutamente necesario que o centro ou servizo no que a persoa estea atendida conte coa devandita autorización para manter a persoa no centro.



## 4.2.- O PROCEDIMENTO

Diagrama do procedemento de ingreso involuntario



### 4.2.1.- MARCO NORMATIVO

Os ingresos involuntarios están enmarcados a nivel normativo na Constitución española (artigo 17) e na Lei de axuízamento civil (artigo 763). Antes de afondar en ambos os dous, é

necesario aclarar que na actualidade o marco normativo está pendente de reforma, tanto pola implicación da convención, como pola Sentenza do Tribunal Constitucional que declarou inconstitucional o artigo 763 da LAC por un criterio formal, aínda que no fondo o precepto si é constitucional.

### **Constitución Española. Artigo 17**

1. *Toda persoa ten dereito á liberdade e á seguridade. Ninguén pode ser privado da súa liberdade, senón coa observancia do establecido neste artigo e nos casos e na forma previstos na lei.*

### **Lei de axuízamento civil (LAC). Artigo 763**

1. *O internamento, por razón de trastorno psíquico, dunha persoa que non estea en condicións de decidilo de seu, aínda que estea sometida á patria potestade ou á tutela, requirirá autorización xudicial, que será solicitada do tribunal do lugar onde resida a persoa afectada polo internamento.*

*A autorización será previa ao devandito internamento, salvo que razóns de urxencia fixeren necesaria a inmediata adopción da medida. Neste caso, o responsable do centro en que se tiver producido o internamento deberá dar conta deste ao tribunal competente o antes posible e, en todo caso, dentro do prazo de vinte e catro horas, para os efectos de que se proceda á preceptiva ratificación da devandita medida, que deberá efectuarse no prazo máximo de setenta e dúas horas dende que o internamento chegue a coñecemento do tribunal.*

*Nos casos de internamentos urxentes, a competencia para a ratificación da medida corresponderá ao tribunal do lugar en que radique o centro onde se producise o internamento. O devandito tribunal deberá actuar, se é o caso, conforme ao disposto no apartado 3 do artigo 757 desta lei.*

2. *O internamento de menores realizarase sempre nun establecemento de saúde mental axeitado á súa idade, logo do informe dos servizos de asistencia ao menor.*

3. *Antes de conceder a autorización ou de ratificar o internamento que xa se efectuou, o tribunal oír á persoa afectada pola decisión, o Ministerio Fiscal e calquera outra persoa cuxa comparecencia considere conveniente ou lle sexa solicitada polo afectado pola medida.*

Ademais, e sen prexuízo de que poida practicar calquera outra proba que estime relevante para o caso, o tribunal deberá examinar a persoa de cuxo internamento se trate e oír o ditame dun facultativo por el designado. En todas as actuacións, a persoa afectada pola medida de internamento poderá dispoñer de representación e defensa nos termos sinalados no artigo 758 desta lei.

4. Na mesma resolución que acorde o internamento expresarase a obriga dos facultativos que atendan á persoa internada de informar periodicamente ao tribunal sobre a necesidade de manter a medida, sen prexuízo dos demais informes que o tribunal poida requirir cando o crea pertinente.

Os informes periódicos serán emitidos cada seis meses, a non ser que o tribunal, atendida a natureza do trastorno que motivou o internamento, sinala un prazo inferior.

Recibidos os referidos informes, o tribunal, previa a práctica, se é o caso, das actuacións que estime imprescindibles, acordará o procedente sobre a continuación ou non do internamento.

Sen prexuízo do disposto nos parágrafos anteriores, cando os facultativos que atendan a persoa internada consideren que non é necesario manter o internamento, darán a alta ao enfermo, e o comunicarán inmediatamente ao tribunal competente.

#### **4.2.2.- TIPOS DE PROCEDIMENTO**

A lei distingue dous tipos de procedemento: un ordinario e outro de urxencia. Como xa se sinalou, calquera deles é aplicable a todos os casos en que unha persoa non se encontre en condicións de decidir por si mesmo, polo tanto, tamén nos ingresos residenciais caberá o procedemento de urxencia.

##### **A. Procedemento de urxencia.**

A principal característica do procedemento de urxencia é que este é acordado polo responsable do centro onde se produza o ingreso, e posteriormente prodúcese a ratificación xudicial, no caso que proceda.

Nestes supostos, tras producirse o ingreso, o responsable do centro comunicará ao xulgado do lugar onde se producise o ingreso de forma inmediata, e en todo caso nas 24 horas, e o xulgado deberá ratificalo no prazo de 72 horas, dende que teña coñecemento deste.

O xulgado competente para resolver este procedemento é o Xulgado de Primeira Instancia do lugar onde radique o centro, ou o de garda, nos supostos en que se produza fóra das horas de audiencia. A este xulgado haberá que enviar a notificación de tal circunstancia solicitando a ratificación pertinente. Para estes efectos, no capítulo de Anexos achégase un modelo de comunicación de ingreso involuntario urxente (Modelo 7.1.4).

A principal dificultade deste procedemento é a determinación das razóns de urxencia, que son abordadas en maior profundidade na epígrafe seguinte deste capítulo.

## **B. Procedemento ordinario.**

A característica deste procedemento é que a autorización xudicial de ingreso se resolve con carácter previo ao ingreso efectivo da persoa no centro. É competente para resolver o xuíz do lugar de residencia da persoa, que acordará mediante auto o ingreso.

En relación á competencia (tratada en máis profundidade no capítulo 5 da guía), é necesario matizar en canto ao procedemento, que este corresponde ao xulgado do lugar de residencia da persoa interesada, con independencia do lugar onde se deba producir o ingreso, e sen prexuízo de que o control posterior deste se produza no xulgado onde radique o centro no que se produce o ingreso efectivo.

### **4.2.3.- TRAMITACIÓN DO PROCEDEMENTO**

A tramitación dun ingreso involuntario nun centro dependerá en cada caso da admisión deste por parte do xulgado, para o cal se baseará na xustificación das razóns de urxencia e o beneficio para a persoa. De aí a importancia de que as comunicacións sobre o ingreso se realicen o máis detalladas posible, en canto á xustificación para o maior beneficio da persoa.

Existen unha serie de trámites de carácter obrigatorio, que en todo caso debe adoptar o xulgado competente antes de acordar o ingreso involuntario. Pola súa particularidade, no procedemento de urxencia o prazo para a execución destas dilixencias é de 72 horas.

As dilixencias do procedemento son:

**a.- Audiencia do afectado**

A persoa afectada pola medida, co fin de poder manifestar o que ao seu dereito conveña, deberá ser examinada persoalmente polo xuíz competente.

**b.- Ditame facultativo**

Requírese un informe médico, que na práctica é realizado polo médico forense e que deberá referirse a dous elementos: por un lado, en canto a que o afectado non pode decidir por si mesmo, e, por outro lado, a que o ingreso é necesario para o mantemento da saúde e integridade deste.

**c.- Informe do Ministerio Fiscal**

En todo caso requírese o informe do Ministerio Público, que actúa como ditaminador, en canto á xustificación da limitación da liberdade

**d.- Outras dilixencias**

O xuíz pode acordar a práctica das dilixencias que estime oportunas ou fosen solicitadas polas partes (audiencia de parentes, informes médicos complementarios....)

O ingreso involuntario resólvese por auto e, en todo caso, é susceptible de recurso de apelación.

#### **4.2.4.- CONTROL E EXTINCIÓN DO INGRESO**

O xulgado debe controlar periodicamente que se sigan mantendo os presupostos polos que era necesaria a adopción do ingreso, e en todo caso cada seis meses deberá recibir os

informes necesarios e pronunciarse respecto da continuación da medida, sempre co informe do Ministerio Fiscal. O xuíz pode acordar outros prazos máis breves pero en todo caso establécese o necesario control semestral.

Neste sentido, os axentes implicados deben ter presentes as cuestións relativas ao control do ingreso, xa que se no centro unha persoa está ingresada de forma involuntaria, deben remitir ao xulgado competente, cada 6 meses, un informe sobre a situación e evolución da persoa, tal como establece a lei e, en todo caso, sempre que a autoridade xudicial o solicite.

O xuíz competente para o control do ingreso, é o do lugar onde a persoa se encontre ingresada. Polo tanto, naqueles supostos nos que se produza o traslado da persoa dun centro a outro, o centro inicial deberá comunicalo ao xulgado que autorizase o ingreso para que este o notifique ao do lugar onde se vaia continuar co ingreso. Nos casos de traslado non é necesaria a obtención dunha nova tramitación, pero si a comunicación ao xulgado que o acordou e ao xulgado ao que se traslada.

Procederáse de igual forma nos supostos do procedemento ordinario, en que aínda sendo acordado polo xuíz do lugar de residencia da persoa, se o lugar de ingreso non está no mesmo partido xudicial, o xuíz, unha vez acordado, deberá comunicalo, para o seu control, ao xulgado do lugar de ingreso efectivo.

En relación á extinción, en canto ao ingreso, o que trata é, ante todo, de establecer a axeitada protección á saúde; polo que só se mantén se se xustifica polo estado de saúde. Os facultativos poderán acordar a alta en calquera momento, debendo comunicalo ao xulgado.

## **4.3.- CUESTIÓN S DE ESPECIAL RELEVANCIA EN RELACIÓN COS INGRESOS**

### **4.3.1.- Execución do traslado ao centro**

Trátase dunha cuestión moi debatida e de graves implicacións na práctica debido a que non está establecido dun modo específico quen debe realizar o traslado, mediante a articulación de sistemas específicos e con medios axeitados. En ocasións interveñen os corpos e forzas de seguridade, o que debe producirse nos casos nos que sexa imprescindible, sendo desexable evitalo, na medida do posible.

En Galicia existen antecedentes de protocolos específicos para a intervención nestas situacións, como o Programa Acougo do Sergas, que é un *Protocolo de intervención de urxencias extrahospitalarias do 061*.

É necesario que por parte de todos os axentes implicados (autoridade xudicial, centros de atención, etc.) se coordine a actuación, de modo que se cumpra cos criterios de respecto á intimidade e integridade da persoa, procurando as situacións que impliquen unha menor invasión e agresividade, en canto á forma de actuación, á vez que se salvagarde a súa protección e se garanta o cumprimento da normativa.

#### **4.3.2.- Establecemento do criterio de urxencia**

O concepto de urxencia no que se fundamenta o procedemento de ingreso involuntario urxente, é un concepto xurídico indeterminado e polo tanto susceptible de diferentes interpretacións. En principio, e como toda limitación de dereitos fundamentais (como é o dereito á liberdade), debe interpretarse de forma restritiva, o que pode levar a unha interpretación na que só proceda o ingreso nos supostos nos que se produza un concreto perigo para a vida, a saúde ou a integridade da persoa con discapacidade ou perigo certo para terceiros.

Non obstante, en relación á discapacidade, é necesario realizar unha interpretación do concepto de urxencia dende unha perspectiva bio-psico-social, de modo que a intervención de urxencia pode estar determinada por algún dos factores que inclúe o concepto de discapacidade. En tal sentido, unha razón de urxencia pode ser de tipo biolóxico (médica), psíquico ou social. Todas elas constitúen razóns de urxencia nun procedemento destas características, en relación a unha persoa con discapacidade.

#### **4.3.3.- Dificultades para a coincidencia entre a busca e identificación de recursos e a autorización xudicial**

En moitos casos, as persoas deben esperar durante un tempo ata que se lles concede unha praza nun centro que sexa adecuado ás súas necesidades. Esta espera ocasiónase ás veces porque a demanda supera a capacidade dos centros, aínda que poden existir outros motivos. Por outro lado, para solicitar a autorización xudicial é necesario indicar para que centro e en razón de que tratamento.

De aí as dificultades de levar á práctica a coincidencia de ambos os dous trámites necesarios, o administrativo (para a busca e asignación dun servizo adecuado) e o xudicial (para a autorización do seu ingreso involuntario). Iso ocasiona que, sen selo inicialmente, acaban converténdose en casos de procedementos urxentes, xa que con anterioridade á concesión non se pode tramitar a autorización.

Polo tanto, é importante que os axentes implicados coñezan os prazos e criterios establecidos nun e outro ámbito, entre os que se poden suliñar:

- ❖ A tramitación dun ingreso involuntario nun centro, con carácter urxente ou ordinario, dependerá en cada caso da admisión deste por parte do xulgado, para o cal se baseará na xustificación das razóns de urxencia ás que xa fixemos referencia. De aí a importancia de que as comunicacións e solicitudes de ingreso involuntario se realicen o máis detalladas posible, en canto á súa xustificación para o maior beneficio da persoa.
- ❖ En ocasións, a autoridade xudicial insta á Administración á busca e asignación dun centro adecuado á persoa para o seu ingreso. Estas instancias, en ocasións, non facilitan a información que é fundamental para busca e asignación que se lle require á Administración; información que determina o tipo, dependencia e características do centro no que a persoa ingresará. Por iso, é de suma importancia, para a súa execución, que se detalle da forma máis concreta posible información básica sobre:
  - Obxecto da intervención: para tratamento durante tempo indefinido, para respiro familiar ou necesidade temporal de saída do domicilio..., tipo de apoio que precisa polo que se toma a medida de ingreso, etc.
  - Datos básicos da persoa, que condicionan a dispoñibilidade de prazos adecuadas, tales como a idade (menor de 16 anos, terceira idade,...) ou a situación económica (de cara a poder dispoñer de mais prazos se a persoa pode asumir o custo dunha de carácter privado).

#### **4.3.4.- Notificación dun ingreso involuntario**

Calquera persoa pode notificar a necesidade dunha intervención urxente para a protección dunha persoa con discapacidade e, ao igual que tratamos en relación aos procesos



de modificación da capacidade, no caso dos profesionais de centros e Servizos, máis que a facultade, teñen unha obriga (sobre a base da Lei de servizos sociais e a LAC).

Isto é especialmente relevante nos servizos sociais comunitarios, que habitualmente son os primeiros en detectar situacións de persoas con discapacidade que están en situación de desamparo, abandono e/ou vagabundeo, sen ningún tipo de protección á súa saúde e benestar.

Así mesmo, como xa se refiriu no procedemento, en ocasións, usuarios de centros/ servizos que estaban nestes voluntariamente, deixan de ter esa voluntariedade, ben porque non teñen capacidade para decidir sobre o seu benestar, a causa dunha situación temporal (como por exemplo unha descompensación), ben por un proceso dexenerativo da propia discapacidade (como por exemplo unha demencia).

Nun e outro caso, débese notificar a devandita situación de acordo ao procedemento establecido ao que fixemos referencia.





# CAPÍTULO 5

preguntas de  
especial relevancia



Neste capítulo trátase de recoller un conxunto de cuestións especialmente relevantes, dende o punto de vista xurídico, na atención ás persoas con discapacidade. Son recorrentes as dúbidas manifestadas ao respecto sobre como actuar, polas implicacións que levan consigo, pola asiduidade con que se producen, así como a importancia que teñen.

## 5.1.- COMPETENCIA DOS XULGADOS

É relativamente frecuente que se produzan dúbidas sobre a competencia do xulgado ao que dirixirse, para iniciar un proceso sobre a capacidade (os lexitimados) e/ou para notificar cuestións acerca dunha persoa con capacidade modificada xudicialmente. Estas dúbidas están fundamentadas en que, en moitas ocasións, a persoa acode a un servizo con regularidade (por exemplo, reside nun centro de luns a venres) ou vive nun centro residencial, pero o seu lugar de residencia oficial segue sendo o seu domicilio familiar. Nestes casos, a que xulgado nos debemos dirixir? Ao xulgado do lugar no que se encontra o centro ou ao xulgado do lugar do domicilio familiar da persoa?.

Segundo o artigo 756 da Lei de axuízamento civil, a competencia para coñecer dos procesos sobre a capacidade da persoa corresponde ao Xulgado de Primeira Instancia do lugar onde resida a persoa á que se refira o proceso. Así mesmo, hai que ter en conta a existencia de xulgados especializados en materia de discapacidade, que asumen as competencias, tanto en relación aos procesos sobre a capacidade das persoas, como respecto ás medidas a adoptar e controis de tutela.

Agora ben, en relación ás persoas con discapacidade, adoitan producirse cambios de domicilio ao longo do seu ciclo vital (por traslado de centro da persoa, cambio de domicilio de familiares ou guardadores,...) e diso derivanse as dificultades relativas á competencia do xulgado para iniciar un proceso sobre a capacidade, a quen deben realizarse as notificacións sobre a persoa con capacidade modificada xudicialmente, a que xulgado solicitar medidas urxentes... Neste senso, estamos a falar do xulgado que xa levaba o procedemento no seu anterior domicilio, e polo tanto sabe do proceso, ou do xulgado do novo lugar de residencia?.

En relación aos procesos sobre modificación da capacidade, se nos acolleemos estritamente á lei, xa temos visto que o proceso se inicia coa presentación da demanda, a cal debe realizarse no xulgado do lugar de residencia da persoa nese momento, polo que a competencia para resolver o procedemento, realizar notificacións, solicitar medidas urxentes, etc.

será do xulgado no que se presentou a demanda. Non obstante, estas medidas e procesos sobre a capacidade da persoa teñen unha serie de particularidades que condicionan á súa vez o proceso de competencia xudicial:

- Constitúe un requisito, no procedemento de modificación da capacidade, a necesidade de que se produza a audiencia xudicial (a vista), que debe ser realizada polo mesmo xuíz que vaia ditar sentenza, como garantía de defensa.
- Os procesos sobre a capacidade e as súas especiais características non se esgotan na declaración da sentenza, senón que se estenden no tempo no control xudicial sobre as figuras de protección, así como as obrigas destes de rendición de contas.

Se partimos dunha interpretación da competencia xudicial sobre a base da convención, nos seus artigos 12 e 13, podemos sinalar que os Estados membros deben establecer as condicións necesarias para garantir o acceso á xustiza, con garantías plenas e acceso efectivo. Xa que logo, o xulgado que mellor pode tutelar ese dereito é o que estea máis próximo e teña unha maior conexión coa persoa con discapacidade que, polo tanto, se corresponde co do domicilio efectivo da persoa.

En conclusión, en relación á competencia xudicial debemos ter claro que:

- Nos procesos sobre a capacidade, o xulgado competente é aquel no que se produce a presentación da demanda, que será competente tamén para levar a cabo o control e seguimento do exercicio das figuras de protección establecidas na sentenza.
- En canto a outras cuestións especiais, como son os casos de ingresos involuntarios e adopción de medidas urxentes, o xulgado competente é o xulgado do domicilio efectivo da persoa con discapacidade, que pode ser o mesmo xulgado que no proceso sobre a capacidade ou distinto, no caso de que a persoa estea, por exemplo, a residir nun centro situado noutra localidade distinta. Por último, hai que aclarar que o criterio xurisprudencial máis estendido adoita ser o de que a competencia a ten o xulgado do lugar de residencia efectiva da persoa interesada.

## 5.2.- REGLAS BÁSICAS DOS CENTROS E SERVIZOS DE ATENCIÓN A PERSOAS CON DISCAPACIDADE E/OU DEPENDENCIA

Os centros e servizos de atención a persoas con discapacidade e/ou dependencia, sexa cal sexa a súa tipoloxía (residencial, de atención diúrna, etc.), teñen a obriga, de conformidade coa normativa vixente, de dispoñer de normas de funcionamento, que deben facilitar a todos os seus usuarios, así como aos seus familiares e representantes legais, asegurándose de que as coñecen, comprenden e aceptan. Todo iso, como garantía de que todas as partes implicadas na atención á persoa son coñecedores dos dereitos e obrigas que teñen, evitando posibles conflitos no futuro.

Para maior información, poden consultarse as normativas de centros, así como os modelos de normas de funcionamento, nos seguintes portais:

<http://avepss.traballoebienestar.xunta.es/programasecentros.html>

<http://avepss.traballoebienestar.xunta.es/modelosregulamentos.html>

Os centros deben recoller de forma clara e concisa as regras básicas e as responsabilidades de cada unha das partes, tendo en conta, na súa elaboración, as distintas situacións xurídicas nas que se poden encontrar as persoas.

En calquera caso, as normas de funcionamento deben ser facilitadas á persoa, aos seus familiares e/ou representantes legais, e deben facer referencia á súa aceptación no documento de formalización do contrato de prestación de servizo. Neste sentido, é necesario incidir na importancia, dende o punto de vista xurídico, da formalización do contrato de prestación de servizo, xa que este contrato é o documento xurídico válido en canto á voluntariedade do ingreso no centro, así como a aceptación das súas condicións.

Ademais, estas regras de funcionamento deben establecer os dereitos e obrigas dos usuarios do servizo. É necesario incidir na importancia que ten o establecemento do réxime de protección de dereitos. Este réxime de protección de dereitos dos usuarios, debe incluír o modo de proceder en situacións como: comunicación de ingresos involuntarios, comunicación de situacións susceptibles de precisar unha modificación da capacidade, protocolo para a aplicación de medidas de contención e suxeición, entre outras. Este réxime ou política de protección debe comunicarse ao usuario e aos seus familiares e/ou representantes legais, con carácter previo, desde o inicio da intervención.

Á vista do que antecede, é importante que nas normas de funcionamento do centro/servizo se aclaren, co maior nivel de concreción posible, as cuestións fundamentais en relación á protección dos dereitos das persoas usuarias, tendo presente no seu establecemento que sempre debe primar o máximo beneficio e interese da persoa con discapacidade e con suxeición á legalidade. Neste sentido, para maior claridade, relaciónanse algunhas cuestións a ter en conta para estes efectos:

- ❖ Se a persoa ten a capacidade modificada xudicialmente, estarase ao disposto na sentenza de modificación e, polo tanto, teranse en conta as funcións da figura de protección xurídica. En caso de que a sentenza non recolla estas cuestións, a interpretación será a que supoña un maior beneficio para a persoa, debendo, neste caso, consensuala coa figura de protección xurídica.
- ❖ Se a persoa non ten a capacidade modificada xudicialmente ou non hai unha garda de feito que puidese tomar estas decisións, estarase ao disposto para calquera usuario de centros/servizos de atención e respectarase sempre a súa autodeterminación e o seu máximo benestar.
- ❖ O réxime de visitas e o réxime de saídas son dúas cuestións directamente vinculadas cos dereitos das persoas e sobre as que se formulan habitualmente dúbidas e conflitos diversos. E neste sentido é necesario suliñar que a autorización xudicial de ingreso involuntario nun centro/servizo implica que ese centro debe ser o seu lugar de residencia (de forma periódica ou temporal) por un motivo terapéutico que o xustifica, aínda cando a persoa non estea de acordo. Que unha persoa estea ingresada en contra da súa vontade nun centro/servizo por autorización xudicial, non significa que non poida recibir visitas, saír deste para, por exemplo, dar un paseo ou para realizar unha actividade de ocio, sen custodia do persoal do centro/servizo.
- ❖ En calquera caso, sempre se debe ter presente que limitar o réxime de comunicación da persoa co exterior é unha cuestión extremadamente delicada dende o punto de vista xurídico e que, como outras limitacións sobre a liberdade, deben estar supeditadas ao criterio do maior beneficio para a persoa e sempre contando coa súa opinión, preferencias e dereito de autodeterminación.



- ❖ En xeral, é necesario que se soliciten á propia persoa, aos seus familiares e/ou figura de protección xurídica se procede, as especificacións acerca de persoas que adoitan manter contacto con ela e, se é o caso, dalgunha persoa que puidese resultarlle prexudicial ou inadecuada para o seu benestar (como por exemplo, se a persoa ten problemas de consumo de substancias e existe alguén no seu ámbito que llas pode facilitar, interferindo na súa recuperación).
- ❖ Unha vez que a persoa está ingresada no centro/servizo, calquera decisión que se adopte e que supoña unha limitación das súas liberdades, no contexto da súa situación xurídica, tanto na comunicación co exterior (visitas, chamadas, etc.), como da súa saída temporal do centro, deben quedar recollidas no seu expediente interno. Neste, deberán indicarse os motivos e profesionais que adoptaron a medida e, en calquera caso, unha vez que se extinga a causa que motivou esta limitación, debe volveuse á situación inicial de non privación. Se se detecta que a causa que a motiva pode ser permanente (como por exemplo, cada vez que sae do centro consume alcohol), e dende o centro/servizo se valora que vai persistir, sempre que sexa necesario e útil para a persoa unha especial protección, é necesario notificar a situación á autoridade xudicial do modo no que xa se explicou nesta guía (capítulo 2).

### 5.3.- MEDIDAS DE CONTENCIÓN E SUXEIÇÃO

O uso de medidas de contención e suxeición (físicas ou farmacolóxicas) en centros de atención é unha cuestión que xera moitas dificultades e non ten unha doada resposta xurídica.

Estas medidas supoñen a privación temporal da liberdade da persoa por razóns médicas. A súa aplicación debe tender á supresión ou, no seu defecto, a súa redución, nos casos que sexan estritamente necesarios, como último recurso e con plenas garantías de que a intervención se realiza con respecto á dignidade da persoa e con plena suxeición á lei. Polo tanto, o seu uso implica:

- ☒ Que debe xustificarse a súa necesidade terapéutica na protección da propia saúde da persoa e/ou a de terceiros.
- ☒ Que debeu avaliarse previamente a utilización e a utilidade de medidas alternativas menos restritivas.

- Que se informou convenientemente das consecuencias e/ou efectos secundarios que poden producir tales medidas (tanto a súa aplicación como a non aplicación), asegurándose da súa comprensión.
- Que existe consentimento por parte da persoa sobre a que se van aplicar ou quen a represente legal ou voluntariamente.
- Que deben revisarse periódicamente.

Antes de abordar en profundidade o tema, é necesario aclarar o tipo de medidas existentes e o seu concepto:

#### Suxeición física

Enténdese por suxeición física a intencionada limitación da espontánea expresión ou comportamento dunha persoa, ou da liberdade de movemento, ou da súa actividade física, ou do normal acceso a calquera parte do seu corpo, con calquera método físico aplicado sobre ela, do que non poida liberarse con facilidade e non estea considerado como unha axuda técnica para promover a súa autonomía. Considéranse como tales: o cinto abdominal, cinto abdominoperineal, chalecos, correas do pulso, entre outros.

#### Suxeición química ou farmacolóxica

Considéranse aqueles fármacos, fundamentalmente os que actúan a nivel do sistema nervioso central (tales como psicotrópicos e tranquilizantes), que limitan a capacidade funcional da persoa, cando non sexan utilizados con fins terapéuticos, se non coa única finalidade de anular a súa conduta.

*Tomado da Norma Libera Ger*

A limitación da liberdade da persoa de modo temporal débese realizar, polo tanto, de forma restrinxida e unicamente naqueles casos nos que exista un criterio médico que determine a necesidade da súa adopción. En ningún caso tales medidas poden adoptarse só co ánimo de facilitar a tarefa dos cuidadores, nin por razóns disciplinarias. Neste sentido, é moi importante que os centros e servizos de atención dispoñan dun protocolo definido de intervención que recolla quen, como e por que se poden adoptar estas medidas.

Conforme á lei, a adopción de medidas de suxeición/contención é un acto de carácter médico cando se considera necesaria para o mantemento da integridade física ou mental da persoa con discapacidade e, de forma limitada, nos casos de pacientes axitados, cando se poña en perigo a terceiros. Polo tanto, dende o punto de vista estritamente xurídico, o tema céntrase no consentimento informado.

### 5.3.1.- O consentimento informado

A *Lei 41/2002, do 14 de novembro, de autonomía do paciente* establece que para aplicar calquera tratamento médico se debe producir o previo consentimento informado da persoa afectada. Esta lei establece (artigo 5.3) que nos casos nos que segundo o criterio médico a persoa careza de capacidade para entender a información, e en consecuencia para consentir, esta se poñerá en coñecemento das persoas vinculadas ao paciente por razóns familiares ou de feito.

Polo tanto, a primeira cuestión a ter en conta á hora de adoptar unha medida de suxeición é facilitar a información axeitada antes de aplicala. No caso de persoas con discapacidade, esta información axeitada ten unha serie de especificacións que atenden ás particularidades do caso, e así pódense distinguir diferentes supostos:

#### a) Consentimento por representación:

No caso dunha persoa con capacidade modificada xudicialmente na que na propia sentenza se faga referencia ás habilidades relativas á saúde e estableza un apoio específico para esta, deberase estar ao que estableza a sentenza.

Nos supostos nos que a persoa ten a capacidade modificada xudicialmente, o consentimento será outorgado polo titor ou apoio designado na sentenza ou polas persoas vinculadas por razóns familiares ou de feito

#### b) Consentimento polos facultativos:

No caso dunha persoa con capacidade modificada xudicialmente no que a sentenza faga referencia a iso ou en persoas que non teñan modificada a súa capacidade xudicialmente, serán os facultativos os que adopten as medidas no suposto de que exista risco para a saúde pública e/ou un risco inmediato e grave

para a integridade física ou psíquica, e non existan persoas vinculadas. En todo caso, débese poñer en coñecemento da autoridade xudicial no prazo de 24 horas. Este consentimento tamén é de aplicación nos supostos de persoas con capacidade modificada, nos que a sentenza establece apoio determinado.

En calquera caso, deberase acudir á autoridade xudicial nos supostos nos que existan posturas contrapostas en relación co uso dun tratamento (como por exemplo ante conflitos entre a figura de protección xurídica e a persoa con capacidade modificada, negativas da figura de protección a tratamento nos casos que o facultativo o considere razoable,...).

Por último, en relación ao consentimento informado e atendendo aos principios da convención, a persoa con discapacidade ten dereito a participar na medida do posible na toma de decisións respecto da súa persoa.

### **5.3.2.- Protocolo para a adopción de medidas de suxeición e contención**

Como xa se dixo, é de suma importancia que os centros e servizos de atención teñan establecido un protocolo interno ben definido para a adopción das medidas de suxeición/contención, que deben considerar os requisitos esixidos na lei e de cuxa existencia deben ser informados os usuarios destes, así como os seus familiares e/ou representantes legais.

Para facilitar aos responsables dos centros e servizos a elaboración deste protocolo, inclúese nesta guía unha referencia a criterios nos que se debe basear este.

#### ***Criterios en relación co uso de suxeicións/contencións:***

1. Deben respectar a dignidade da persoa.
2. É un acto médico, que debe estar xustificado para o mantemento da saúde e integridade da persoa.
3. As medidas de suxeición mecánica deben ser, salvo xustificación médica en contrario, homologadas.
4. Non están, en principio, sometidas á autorización xudicial.

5. Requiren o consentimento informado.
6. A información debe ser completa: medidas que se deben utilizar, tempo de duración...
7. Deben ser acordadas polo facultativo, salvo por razóns de urxencia.
8. Deben ser aplicadas con medios debidamente adaptados e por persoal cualificado.
9. Deben documentarse de forma axeitada con todos os elementos (sería conveniente que figuren nun rexistro independente, do propio historial médico de cada persoa para facilitar un mellor control).
10. Deben estar sometidos a controis temporais.
11. Débense comunicar ao Ministerio Fiscal nos supostos en que se prolonguen ao longo do tempo e supoñan unha seria restrición na liberdade, así como nos supostos en que por razóns de urxencia non se acordasen por facultativos.

***Criterios en relación ao Protocolo de uso de suxeicións/contencións:***

- a) Os centros e servizos de atención á discapacidade e/ou dependencia deberán contar cun protocolo que recolla as actuacións que se seguirán nos casos de adopción de medidas de suxeición/contención, baixo o principio de redución destas medidas ao mínimo indispensable.
- b) A persoa usuaria do centro/servizo, a súa familia e/ou representantes legais, dispoñerán de información previa e detallada sobre estes aspectos dende a súa incorporación no centro/servizo.
- c) O procedemento para a aplicación destas medidas comprenderá:
  1. Logo de prescrición médica da medida, tras descartar as posibles alternativas existentes, que deberá rexistrarse: a data e hora na que se pauta a medida, causa pola que se pauta, tipo de suxeición/contención, data estimada da retirada, métodos preventivos ante posibles complicacións que a suxeición poida producir, períodos de aplicación e data de revisión.
  2. O consentimento informado da persoa usuaria, o seu titor ou o familiar (segundo proceda de acordo co establecido na epígrafe de consentimento informado xa referido). No escrito de consentimento deberá constar o tipo de suxeición/contención, o problema que se quere tratar coa súa aplicación, o período previsto para a súa revisión e intensidade diaria, as alternativas probadas

previamente e o seu resultado, as contraindicacións e efectos secundarios. En calquera momento se poderá revogar este consentimento.

3. No caso de que o centro non conte con este consentimento informado debidamente asinado, non poderá aplicar a medida.
4. Non serán válidas as autorizacións xenéricas, as que non se sometan a un prazo para a súa revisión ou que non comprendan os datos detallados anteriormente. A autorización darase para unha medida concreta e no momento da súa prescrición, non considerándose suficientes os consentimentos outorgados con carácter xeral no momento do ingreso no centro.
5. No caso de que se substitúa a medida aplicada ou se adopte outra diferente deberase contar cun novo consentimento informado.
6. Para a retirada da medida de suxeición deberase seguir o mesmo procedemento: prescrición médica e consentimento informado.

### ***Protocolos e normativas para consulta en relación coas medidas de suxeición e contención***

A continuación relaciónanse algúns protocolos e normativas existentes co obxecto de que sirvan de referencia e consulta para os responsables de centros e servizos á hora de abordar a elaboración do protocolo de adopción de medidas de suxeición e contención.

⇒ *Protocolo de actuación coordinada contra o maltrato de persoas maiores e adultas con discapacidade.* Dirección Xeral de Dependencia e Autonomía Persoal. Xunta de Galicia.

⇒ *Protocolo básico de actuación en centros e/ou residencias con menores diagnosticados de trastornos de conduta en relación a menores ingresados nun centro e con trastornos de conduta.* Ministerio de Sanidad y Política Social. Dirección General de Política Social, de las Familias y de la Infancia. 2010

- ⇒ *Decreto foral 221/2011*, do 28 de setembro, polo que se regula o uso de suxeicións físicas e farmacolóxicas no ámbito dos servizos sociais residenciais da Comunidade Foral de Navarra (Boletín Oficial de Navarra nº 204 de 14 de outubro de 2011).
- ⇒ *Normas "Liberager"* da Fundación Cuidados Dignos ([www.cuidadosdignos.org](http://www.cuidadosdignos.org)).
- ⇒ *Guía para persoas maiores e familiares. "Programa Desatar"*. Confederación Española de Organizacións de Maiores (CEOMA\_www.ceoma.org).







# **CAPÍTULO 6**

glosario de términos  
e legislación



O desenvolvemento técnico e asistencial no tratamento da discapacidade xerou un gran volume de terminoloxía específica que non sempre se usa coa axeitada aplicación e xera confusión, tanto en profesionais como en particulares. A iso súmase que no tema que nos ocupa, a protección xurídica e a discapacidade, interveñen axentes profesionais do ámbito sanitario, social e xurídico, con terminoloxía propia, que en ocasións non é coincidente e vén a crear aínda máis confusión, o que provoca interpretacións particulares de quen a utiliza nun momento determinado.

Ademais, existe moita e moi diversa normativa de referencia do sector da discapacidade, tanto para cuestións administrativas como xurídicas. Así, unha situación de atención a unha persoa pode, e adoita, estar suxeita a diversas normativas de diversos ámbitos (xurídico e administrativo), de modo que o tratamento desa situación está disperso ao longo dun denso articulado.

Por iso, considérase necesario realizar este glosario, a xeito de referencia en canto a definición formal de termos que sirva de aclaración a todos os axentes implicados. Algúns termos xa foron definidos en capítulos anteriores da guía e inclúense aquí de novo, dun modo sintético, para facilitar o labor de consulta. Ao final do capítulo inclúese tamén unha relación de normativa vinculada á protección xurídica e discapacidade, así como de portais webs que poden resultar de interese para realizar consultas e descargar documentos.

## 6.1.- GLOSARIO DE TERMOS

### CAPACIDADE MODIFICADA XUDICIALMENTE

É a que tradicionalmente se veu denominando *incapacidade xurídica* ou *incapacitación xudicial* e que tras a convención adquire esta nova terminoloxía. A modificación da capacidade das persoas xudicialmente está regulada no Código civil, que establece:

Artigo 199: *Ningún pode ser declarado incapaz senón por sentenza xudicial, en virtude das causas establecidas na lei.*

Artigo 200: *Son causas de incapacitación xudicial as enfermidades e deficiencias persistentes de carácter físico ou psíquico, que impidan á persoa gobernarse por si mesma.*

## INCAPACIDADE LABORAL

É a situación de alteración da saúde que imposibilita ou limita a quen a padece para a realización dunha actividade profesional, ben temporal ou permanentemente. Está regulada na Lei xeral da seguridade social e resólvese mediante declaración de incapacidade na que se determina a súa extensión e límites.

A lei establece distintos tipos de incapacidade laboral, así como graos dentro desta e asígnalle a cada un destes tipos e graos unha serie de prestacións de acordo cos requisitos establecidos na lei. A valoración da incapacidade laboral realízana os EVI, Equipos de Valoración da Incapacidade da Seguridade Social.

As tipoloxías e graos de incapacidade laboral son:

A. Incapacidade temporal: é a situación na que un traballador inicia unha baixa laboral a causa dunha enfermidade e/ou accidente laboral.

B. Incapacidade permanente: é a situación do traballador que, despois de estar sometido ao tratamento prescrito e de ser dado de alta médica, presenta reducións anatómicas ou funcionais graves, susceptibles de determinación obxectiva e previsiblemente definitivas, que diminúan ou anulen a súa capacidade laboral. Segundo o grao de afectación, existen varios graos de invalidez permanente:

*- Incapacidade permanente parcial para a profesión habitual:*

Aquela que, sen alcanzar o grao de total, ocasiona ao traballador unha diminución non inferior ao 33% no seu rendemento normal para a devandita profesión, sen impedirle a realización das tarefas fundamentais desta.

*- Incapacidade permanente total para a profesión habitual:*

A que inhabilita o traballador para a realización de todas ou das fundamentais tarefas da devandita profesión, sempre que poida dedicarse a outra distinta.

- *Incapacidade permanente absoluta para todo traballo:*

A que inhabilita por completo o traballador para toda profesión ou oficio

- *Grande Invalidez:*

A situación do traballador afecto de incapacidade permanente e que, por consecuencia de perdas anatómicas ou funcionais, necesite a asistencia doutra persoa para os actos máis esenciais da vida, tales como vestirse, desprazarse, comer ou análogos.

## **DEPENDENCIA**

De acordo co establecido na *Lei de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia*, no seu artigo 2, defínese a dependencia como *o estado de carácter permanente en que se encontran as persoas que, por razóns derivadas da idade, as enfermidades ou as discapacidades, e ligadas á falta ou á perda de autonomía física, mental, intelectual ou sensorial, precisan da atención doutra ou outras persoas ou axudas importantes para realizar actividades básicas da vida diaria ou, no caso das persoas con discapacidade intelectual ou enfermidade mental, doutros apoios para a súa autonomía persoal.*

Para maior claridade do termo, a propia lei establece os termos de:

*Actividades básicas da vida diaria (ABVD)*

Son as tarefas máis elementais da persoa, que lle permiten desenvolverse cun mínimo de autonomía e independencia, tales como: o coidado persoal, as actividades domésticas básicas, a mobilidade esencial, recoñecer persoas e obxectos, orientarse, entender e executar ordes ou tarefas sinxelas.

*Necesidades de apoio para a autonomía persoal*

As que requiren as persoas que teñen discapacidade intelectual ou mental para facer efectivo un grao satisfactorio de autonomía persoal no seo da comunidade.

O órgano competente para resolver esta materia en Galicia é a Consellería de Traballo e Benestar e os órganos competentes para realizar as valoracións son os equipos de valoración de dependencia. A determinación da situación de dependencia así como o grao desta é fundamental para acceder ao sistema de protección social e ser beneficiario dalgún dos servizos incluídos no devandito sistema. Neste sentido, é moi recomendable consultar a *Carteira de servizos para a dependencia*, da propia Consellería, así como as normativas de aplicación para a súa determinación e acceso aos servizos.

## DISCAPACIDADE

A Organización Mundial da Saúde (OMS) define a discapacidade como o resultado dunha complexa relación entre a condición de saúde dunha persoa, os seus factores persoais e os factores externos que configuran as circunstancias nas que vive a persoa. Pode ser temporal ou permanente, reversible ou irreversible. É unha limitación funcional, consecuencia dunha deficiencia, que se manifesta na vida cotiá.

Segundo a Clasificación Internacional do Funcionamento da Discapacidade e a Saúde (OMS, CIF 2001), o funcionamento da persoa defínese en termos de interacción entre a condición de saúde e os factores contextuais, é dicir, entre a persoa e o seu ámbito. Neste sentido, a discapacidade é un termo xenérico que engloba todos os compoñentes: as deficiencias a nivel corporal, as limitacións na actividade (a nivel individual) e as restricións na participación (a nivel social). Son tres dimensións diferentes que interactúan entre si cos factores contextuais (ambientais e persoais).

Este paradigma permite integrar os modelos biomédicos e sociais tradicionais nun modelo bio-psicosocial que se basea na integración de todas as variables implicadas no proceso da discapacidade. Este modelo vén dicir que as funcións e estruturas corporais, constituídas polas funcións fisiolóxicas e as partes anatómicas do corpo, poden dar lugar a deficiencias que limitan a actividade da persoa. E así, enténdese por:

- Deficiencias: problemas nas funcións fisiolóxicas ou nas estruturas corporais dunha persoa. Poden consistir nunha perda, defecto, anomalía ou calquera outra desviación respecto da norma estatisticamente establecida.
- Limitacións na actividade: son as dificultades dunha persoa para realizar actividades. Poden aparecer como unha alteración cualitativa ou cuantitativa no xeito en que a persoa desempeña a actividade en comparación con outras que non teñen un problema parecido.
- Restricións na participación: problemas que unha persoa pode experimentar ao involucrase en situacións vitais, tales como relacións sociais, laborais, etc., no contexto real no que vive. A presenza dunha restrición na participación vén determinada pola comparación da participación da persoa con discapacidade coa participación dunha persoa sen discapacidade nunha situación análoga e comparable.

Por último, cómpre referir que o artigo 1 da convención establece que *as persoas con discapacidade inclúen a aquelas que teñan deficiencias físicas, mentais, intelectuais ou sensoriais a longo prazo que, ao interactuar con diversas barreiras, poidan impedir a súa participación plena e efectiva na sociedade, en igualdade de condicións coas demais.*

Os órganos competentes en materia de valoración do grao de discapacidade son, o IMSERSO, no seu ámbito competencial, e os órganos competentes das comunidades autónomas, nos seus respectivos territorios, sendo en Galicia a Consellería de Traballo e Benestar a través dos equipos de valoración e orientación (EVO). A valoración realízase de acordo cos baremos establecidos no *Real Decreto 1971/1999, do 23 de decembro, de procedemento para o recoñecemento, declaración e cualificación do grao de discapacidade.*

## FIGURAS DE PROTECCIÓN XURÍDICA

### Tutela

É a institución de protección que supón un apoio máis intenso, en canto supón un apoio por institución. O titor é o representante da persoa con capacidade modificada xudicialmente e en consecuencia pode actuar no seu nome, nos termos establecidos na sentenza.

### Curadoría

É a institución de protección que supón un apoio de menor intensidade, por canto as súas funcións son as de asistir e complementar a persoa con capacidade modificada xudicialmente, pero non a representa (a diferenza da tutela).

### Autotutela

É a posibilidade que ten unha persoa de adoptar as disposicións que estime pertinentes en canto á forma na que se deberá rexer a súa persoa e bens para o caso de que nun momento determinado se encontre nunha situación de discapacidade que lle impida gobernarse por si mesmo, e polo tanto, sexa obxecto de modificación xudicial da súa capacidade de autogoberno.

### Defensa Xudicial

É unha figura que responde á necesidade de outorgar unha protección de carácter puntual a una persoa, ben nun proceso de modificación da capacidade, no que asume funcións procesais de representación e defensa, ou ben noutros supostos previstos no Código civil, nos que asume as atribucións que lle confira o xuíz. Nun e noutro caso constitúese como un garante da representación e protección dos dereitos e intereses da persoa.

### Patria Potestade

É o conxunto de dereitos e obrigas que a lei recoñece aos pais sobre as persoas e bens dos seus fillos, mentres estes son menores de idade, co obxectivo de permitir o cumprimento dos deberes que aqueles teñen de sostemento e educación de tales fillos.



## Garda de feito

É a situación na que sen resolución xudicial unha persoa se encarga da garda e asistencia a unha persoa con discapacidade.

## MEDIDAS DE SUXEIÇÃO

### Suxeición física

Enténdese por suxeición física a intencionada limitación da espontánea expresión ou comportamento dunha persoa, ou da liberdade de movemento, ou da súa actividade física, ou do normal acceso a calquera parte do seu corpo, con calquera método físico aplicado sobre ela, do que non poida liberarse con facilidade e non estea considerado como unha axuda técnica para promover a súa autonomía.

### Suxeición química ou farmacolóxica

Considéranse aqueles fármacos, fundamentalmente os que actúan a nivel do sistema nervioso central (tales como psicotrópicos e tranquilizantes), que limitan a capacidade funcional da persoa, cando non sexan utilizados con fins terapéuticos, senón coa única finalidade de anular a súa conduta.

## 6.2.- LEXISLACIÓN DE REFERENCIA

### Lexislación relativa á protección xurídica

- Constitución española.
- Real decreto, do 24 de xullo de 1889, polo que se publica o Código civil (BOE nº 206, do 25 de xullo).
- Lei 1/2000, do 7 de xaneiro, de axuizamento civil.

- Lei 41/2003, do 18 de novembro, de protección patrimonial das persoas con discapacidade e de modificación do Código civil e da normativa tributaria con esta finalidade.
- Lei 2/2006, do 14 de xuño, de dereito civil de Galicia.
- Instrumento de ratificación da Convención sobre os dereitos das persoas con discapacidade, feito en Nova York o 13 de decembro de 2006 (BOE nº 96, do 21 de abril).
- Lei 26/2011, do 1 de agosto, de adaptación normativa á Convención Internacional sobre os Dereitos das Persoas con Discapacidade (BOE nº 184, do 2 de agosto).
- Lei 1/2009, do 25 de marzo, de reforma da Lei do 8 de xuño de 1957, sobre o rexistro civil, en materia de incapacitacións, cargos tutelares e administradores de patrimonios protexidos, e da Lei 41/2003, do 18 de novembro, sobre protección patrimonial das persoas con discapacidade e de modificación do Código civil, da Lei de axuízamento civil e da normativa tributaria con esta finalidade.
- Lei 20/2011, do 21 de xullo, do rexistro civil (BOE 175/2011, do 22 de xullo).
- Lei 1/1996, do 10 de xaneiro, de asistencia xurídica gratuíta (BOE nº 11, do 12 de xaneiro).
- Decreto 269/2008, do 6 de novembro, polo que se aproba o regulamento de asistencia xurídica gratuíta de Galicia.

### **Lexislación relativa á discapacidade e/ ou dependencia**

- Lei 51/2003, do 2 de decembro, de igualdade de oportunidades, non discriminación e accesibilidade universal das persoas con discapacidade (BOE nº 289, do 3 de decembro).
- Lei 41/2002, do 14 de novembro, básica reguladora da autonomía do paciente e de dereitos e obrigas en materia de información e documentación clínica (BOE nº 274, do 15 de novembro).
- Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia (BOE nº 299, do 15 de decembro).
- Real decreto lexislativo 1/1994, do 20 de xuño, polo que se aproba o Texto refundido da Lei xeral da seguridade social.
- Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia.

- Real decreto 1971/1999, do 23 de decembro, de procedemento para o recoñecemento, declaración e cualificación do grao de discapacidade.
- Decreto 15/2010, do 4 de febreiro, polo que se regula o procedemento para o recoñecemento da situación de dependencia e do dereito ás prestacións do sistema para a autonomía e atención á dependencia, o procedemento para a elaboración do programa individual de atención e a organización e funcionamento dos órganos técnicos competentes.
- Orde do 2 de xaneiro de 2012, de desenvolvemento do Decreto 15/2010, do 4 de febreiro, porlo que se regula o procedemento para o recoñecemento da situación de dependencia e do dereito ás prestacións do sistema para a autonomía e a atención á dependencia, o procedemento para a elaboración do programa individual de atención e a organización e funcionamento dos órganos técnicos competentes.
- Decreto 148/2011, do 7 de xullo, polo que se modifica o Decreto 15/2010, do 4 de febreiro, polo que se regula o procedemento para o recoñecemento da situación de dependencia e do dereito ás prestacións do sistema para a autonomía e atención á dependencia, o procedemento para a elaboración do programa individual de atención e a organización e funcionamento dos órganos técnicos competentes.
- Real decreto 1856/2009, do 26 de decembro, de procedemento para o recoñecemento, declaración e cualificación do grao de discapacidade, polo que se modifica o Real decreto 1971/1999 (o termo *minusvalía* queda substituído polo termo discapacidade).
- Decreto 254/2011, do 23 de decembro, polo que se regula o réxime de rexistro, autorización, acreditación e a inspección dos servizos sociais en Galicia.

### **Outra lexislación de interese**

- Lei 12/2006, do 1 de decembro, de fundacións de interese galego.
- Decreto 14/2009, do 21 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento de fundacións de interese galego.
- Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade.
- Decreto 389/1996, do 15 de decembro, polo que se regula a saúde mental en Galicia

## 6.3.- ENDEREZOS DE INTERESE

### Do ámbito xurídico

- Fiscalía Xeral do Estado: [www.fiscal.es](http://www.fiscal.es)
- Lexislación estatal: [www.boe.es](http://www.boe.es)
- Lexislación autonómica: [www.xunta.es/diario-oficial-galicia](http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia)
- Consultas e noticias: [www.noticiasjuridicas.com](http://www.noticiasjuridicas.com) e [www.aequitas.org](http://www.aequitas.org) (Fundación Aequitas)
- Dirección Xeral de Xustiza: [www.cpapx.xunta.es/xustiza-a-direccion-xeral](http://www.cpapx.xunta.es/xustiza-a-direccion-xeral)

### Do ámbito da discapacidade

- Consellería de Traballo e Benestar: [www.traballoebenefar.xunta.es](http://www.traballoebenefar.xunta.es)
- Benestar social: [www.benestar.xunta.es/](http://www.benestar.xunta.es/)
- Discapacidade: [www.benestar.xunta.es/web/portal/discapacidade](http://www.benestar.xunta.es/web/portal/discapacidade)
- Dependencia: [www.benestar.xunta.es/web/portal/dependencia](http://www.benestar.xunta.es/web/portal/dependencia)
- Seguridade social: [www.seg-social.es](http://www.seg-social.es)

## Outros enderezos de interese

### Fundacións tutelares en Galicia (Registro da Consellería de Traballo e Benestar\_xaneiro 2012)

Denominación	Localización	Fins/ Colectivo actuación	Ámbito
Fundación Pública Galega para a Tutela de Persoas Adultas, <b>FUNGA</b>	R/ Salgueiriños de Abaixo, 15 Baixo 15703 S. de Compostela. A Coruña <a href="http://www.funga.org">www.funga.org</a>	A protección xurídica e social das persoas maiores de idade e en situación de desamparo que teñan a súa capacidade de obrar modificada ou que se atopen incursas nun proceso xudicial de modificación da súa capacidade de obrar, a través do exercicio da tutela, curadoría, defensa xudicial ou administración de bens.	Comunidade autónoma
Fundación <b>Gavela</b>	Marcelo Macías, 5- baixo 32002 Ourense <a href="http://www.fundaciongavela.com">www.fundaciongavela.com</a> <a href="mailto:info@fundaciongavela.com">info@fundaciongavela.com</a>	A atención das necesidades das persoas adultas diagnosticadas dunha enfermidade mental, preferentemente grave e persistente. Como entidade tutelar, asume e exerce os cargos tutelares que lle sexan asignados pola autoridade xudicial competente.	Comunidade autónoma
Fundación Tutelar Galega para Persoas con Discapacidade Intelectual <b>Sálvora</b>	Marqués de Valladares, 14,1º,of.9 36201 Vigo. Pontevedra <a href="http://www.fundacionsalvora.org">www.fundacionsalvora.org</a>	Velar polos dereitos e intereses das persoas con discapacidade intelectual, en especial daquelas das que ten encomendada a tutela, a fin de proporcionarlles unha óptima calidade de vida e a plena integración social.	Comunidade autónoma
Fundación <b>Funditea</b>	Placer, 5- 3º B 36202 Vigo. Pontevedra	Asumir a tutela, garda, protección e administración de bens de persoas con discapacidade, especialmente aquelas con Trastorno de Espectro Autista (TEA), legalmente incapacitadas.	Comunidade autónoma
Fundación Tutelar <b>Camiño do Miño</b>	Xoanelo, 2 36202 Vigo. Pontevedra <a href="mailto:fundacion_tutelar@cmiño.org">fundacion_tutelar@cmiño.org</a>	Promover a sensibilización social para fomentar o respecto aos dereitos das persoas maiores, incapacitadas xudicialmente e con grandes niveis de dependencia (gran dependencia ou dependencia severa), na busca da súa integración e normalización na sociedade a través de programas benéfico- asistenciais e de tutela, que terán carácter xeral e individualizado.	Comunidade autónoma
Fundación <b>Ancora</b>	Tomás Paredes, 229 – A, 1º 36208 Coia. Vigo- Pontevedra <a href="mailto:fundacionancora@hotmail.com">fundacionancora@hotmail.com</a>	Acollida, atención e promoción das persoas con deficiencia mental e o exercicio da función tutelar.	Comunidade autónoma
Fundación Tutelar <b>Aspronaga</b>	Pérez Lugin, 10 15011 A Coruña <a href="mailto:fundaciontutelar@aspronaga.org">fundaciontutelar@aspronaga.org</a>	Defender os dereitos e intereses das persoas con retraso mental. Asumir a tutela cando os pais desapareceron no caso de non haber persoas axeitadas dispoñibles.	Comunidade autónoma

**Outros enderezos:**

- Sanidade: [www.sergas.es](http://www.sergas.es)
- Información sobre entidades: Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais de Galicia: [www.benestar.xunta.es/XiacWeb](http://www.benestar.xunta.es/XiacWeb)
- Asociación de Fundacións Tutelares de Persoas con Enfermidade Mental (FUTUPEMA): [www.futupema.org](http://www.futupema.org)
- Confederación Española de Organizacións de Maiores (CEOMA): [www.ceoma.org](http://www.ceoma.org)



# CAPÍTULO 7

ANEXOS





## 7.1.- MODELOS DE DOCUMENTOS PARA USO POR PARTE DOS AXENTES IMPLICADOS

### Modelo 7.1.1- COMUNICACIÓN Á FISCALÍA, POR PARTE DE PROFESIONAIS, DUNHA SITUACIÓN SUSCEPTIBLE DE PROTECCIÓN XURÍDICA

A/AT. FISCALÍA DE *(indicar provincia)*

Os servizos sociais de *(Identificación)*, de conformidade co disposto no artigo 12 da Convención de Nova York, de protección de dereitos ás persoas con discapacidade, e no artigo 757.3 da LAC, poñen no seu coñecemento que *(Identificación da persoa á que se refiere)*, encóntrase nunha situación de discapacidade, para a que é necesario establecer os apoios necesarios.

#### 1.- INFORME SOCIAL:

- a.- Filiación completa da persoa
- b.- Listado de familiares, coa filiación máis completa posible e con datos de contacto completos (domicilio, teléfono,...)
- c.- Outras persoas relacionados co mesmo (filiación completa, domicilios e teléfono)
- d.- Breve explicación das relacións familiares, se hai algo relevante.

#### 2.- EXPOSICIÓN DA SITUACIÓN:

Descrición da situación na que se encontra a persoa con discapacidade, así como a xustificación do proceso sobre a capacidade, indicando a necesidade e utilidade do mesmo.

#### 3.- SOLICITUDE DE MEDIDAS DE PROTECCION

Explicación da situación con xustificación da necesidade, urxencia e o tipo de medida que se debe adoptar, detallando se se trata de medidas patrimoniais ou persoais. No caso de que se trate dun ingreso en centro, debe establecerse cal é o centro que ten asignado.

4.- DOCUMENTACIÓN (é moi conveniente que, na medida do posible, se inclúa toda a documentación):

- Certificado literal de nacemento da persoa con discapacidade ou, no seu defecto, lugar e data de nacemento.
- Copia do DNI da persoa con discapacidade
- Certificado médico actual ou, no seu defecto, centro de saúde e profesional de referencia ao que dirixirse para recabar información.
- Certificado da Seguridade Social das pensións que percibe
- Certificado bancario das contas abertas ao seu nome con titulares, autorizados e saldo actual. No seu defecto, copia de cartillas bancarias.
- Xustificación da súa situación de dependencia (resolución ou solicitude), grao de discapacidade e ou situación de incapacidade laboral. Se non dispón de resolución ningunha, xustificante da solicitude se se tramitou.
- Se procede, copia de testamentos abertos a nome da persoa ou seus descendentes e poderes emitidos pola persoa con discapacidade.
- Certificado de empadramento.

Para que así conste, *(lugar, data e sinatura do profesional que realiza a comunicación)*.

## Modelo 7.1.2 - COMPARECENCIA DE PARTICULARES PARA A COMUNICACIÓN Á FISCALÍA DUNHA SITUACIÓN SUSCEPTIBLE DE PROTECCIÓN XURÍDICA

FISCALÍA DE (provincia)

En (lugar), a (DATA)

Comparece D. XXXXXXXXXXXX con DNI con domicilio en XXXXXXXX e nº de teléfono XXXXXXXXXXXX- ante o fiscal e MANIFESTA:

Que o seu (parentesco) D<sup>a</sup> XXXXXXXXXXXXXXXXXXXX con domicilio en XXXX, no mesmo domicilio que o comparecente, aínda que actualmente se encontra ingresado/a en (centro no que se encontra, se procede), dende o (data) e nacido/a en XXXXXXXX o XXXXXXXX, padece (diagnóstico)

Na actualidade ....

*(Descrición da situación na que se encontra a persoa con discapacidade, así como a xustificación do proceso sobre a capacidade, indicando a necesidade e utilidade deste. Explicación da situación con xustificación da necesidade, urxencia e o tipo de medida de apoio que se debe adoptar, detallando se se trata de medidas patrimoniais u persoais. No caso de que se trate dun ingreso en centro, debe establecerse cal é o centro).*

Os parentes máis próximos á persoa son:

*Listado de familiares con datos persoais completos (nome, DNI,...), datos de identificación (domicilio, tfno.,...).*

Considera que a persoa máis axeitada para asumir a medida de apoio é

*(Indicar a persoa que o comparecente considera máis axeitada para asumir o cargo de protección, podendo ser el mesmo ou outro. Tamén se detallarán datos de contacto e razón pola que é a persoa máis axeitada).*

Coñezo que a persoa deixou como herdeiro de todos os seus bens a

*(se procede, indicar o herdeiro e xuntar copia do testamento que dea fe diso)*

Declaro que a situación patrimonial da persoa é:

*(Indicar por cada un dos conceptos, a relación do patrimonio de que dispón a persoa. En caso negativo, indicar ningún)*

- Bens inmobles:
- Bens mobles:
- Contas correntes e de aforro:

*(indicar estes datos de cada unha das contas que ten)*

(entidade) con número de conta XXXXXXXXXXXXXXXX – oficina de XXXXXXXXXXXX ( XXXXXXXXXXX na que figuran como titulares (nomes completos).

*(se procede en relación á conta, indicar o seguinte)* Nesta conta ingrésanlle a pensión de xxxxxx, dende a cal posteriormente fanlle o desconto correspondente para a súa estancia en (centro no que está).

- Ingresos periódicos

Pensións: (indicar tipo e contía mensual).

Outros ingresos: (indicar concepto e contía mensual).

Declaro que en relación ao ingreso de xxxxxx:

(Indicar, se procede, se a persoa está ou debe estar ou está previsto que vaia a ingresar nalgún centro, especificando os datos deste. En caso negativo, indicar ningún).

Por todo o anterior, de conformidade co disposto nos artigos 199 e 200 do Código civil e no artigo 757 la Lei de axuízamento civil, solicítase que o Ministerio Fiscal inste, se procede, a modificación xudicial da capacidade da persoa anteriormente identificada, polos motivos expresados.

DOCUMENTACIÓN que acompaña:

- Certificado literal de nacemento da persoa con discapacidade ou, no seu defecto, lugar e data de nacemento.
- Copia do DNI da persoa con discapacidade e do comparecente.
- Certificado médico actual ou, no seu defecto, centro de saúde e profesional de referencia ao que dirixirse para recabar información.
- Certificado da Seguridade social das pensións que percibe.
- Certificado bancario das contas abertas a seu nome con titulares, autorizados e saldo actual. No seu defecto, copia de cartillas bancarias.

- Xustificación da súa situación de dependencia (resolución ou solicitude), grao de discapacidade e/ou situación de incapacidade laboral. Se non dispón de resolución ningunha, xustificante da solicitude se se tramitou.
- Se procede, copia de testamentos abertos a nome da persoa ou dos seus descendentes e poderes emitidos pola persoa con discapacidade.
- Certificado de empadramento.

Para que así conste, (lugar, data e sinatura do comparecente)

### Modelo 7.1.3 - SOLICITUDE DE AUTORIZACIÓN DE INGRESO INVOLUNTARIO

Xulgado XXXXXXXXXXXXXXXX

Procedemento XXXXXXXXXXXXXXXX

#### AO XULGADO

DON XXXXX, con D.N.I. XXXXXXXX e domicilio en XXXXXXXX, en calidade de XXXXXXXX de DON/A XXXXXXXXXXXXXXXX, con D.N.I. XXXXXXXX e domicilio en XXXXXXXXXXXX, en virtude de resolución dictada no procedemento arriba marxinado, ante o xulgado comparece e como mellor proceda en Dereito DÍ:

Que, por medio deste escrito, veño promover expediente de autorización xudicial para o ingreso involuntario de DON/A XXXXXXXXXXXXXXXX no centro XXXXXXXXXXXX conforme a patoloxía que padece, a teor dos seguintes:

#### FEITOS

Primeiro.- (Presentación da súa situación civil da persoa para a que se solicita o ingreso involuntario, é dicir, se ten ou non a capacidade de obrar modificada, se está ou non en proceso, se ten algún tipo de apoio asignado ...).

Segundo.- Don/a XXXXXX, nacido/a o XX de XXXXXX de XXXX, está diagnosticado/a de XXXXXXXXXXXXXXXXXXXXXXXX. Na actualidade don/a XXXXX reside en XXXXXXXXXXXX.

No aspecto económico, don/a XXXXX percibe mensualmente en concepto de XXXXXX un total de XXXXX €

Terceiro.- (Explicar os feitos ou situación que dá lugar á solicitude).

Cuarto.- A situación descrita provoca, en opinión de quen asina, a necesidade de ingreso do persoa identificada nun centro axeitado á súa patoloxía.

#### FUNDAMENTOS DE DEREITO

I.- É competente o xulgado ao que me dirixo e o procedemento segundo o artigo 271 do Código civil e artigo 763 da Lei de axuizamento civil.

II.- O/A abaixo asinante está lexitimado/a para instar o presente expediente a teor do disposto no artigo anteriormente citado.

Por todo o exposto,

SUPLICO AO XULGADO: Que teña por presentado en tempo e forma este escrito, o admita, se teña por promovido o correspondente expediente de ingreso involuntario de Don/a XXXXXXXX e, previa realización dos trámites oportunos, sírvase ditar auto autorizando o seu ingreso no centro residencial XXXXXXXXXXXXXXXX.

É de xustiza que pido en XXXXXXXXXXXXXXXXXXXX a XX de XXXXXX de 20XX.

Asdo.: XXXXXXXXXXXXXXXXXXXXXXXXXXXX.

### Modelo 7.1.4 - COMUNICACIÓN AO XULGADO DUN INGRESO INVOLUNTARIO URXENTE

(Identificación do responsable do centro), poño no seu coñecemento que ás ..... horas do día .... ingresou no centro ....., don/dona ....., con DNI. ...., que indiciariamente non está en condicións de decidir por si mesmo/a sobre a necesidade de ingreso, xa que se encontra nunha situación derivada de (diagnóstico clínico, aínda indiciario), o que determinou a necesidade de adoptar con carácter de urxencia o seu ingreso involuntario debido a (xustificación breve da necesidade de urxencia, perigo para si mesmo/a, para os demais, imposibilidade doutra asistencia...).

Todo o cal poño en coñecemento do xulgado, en garantía dos dereitos da persoa ingresada, de conformidade co establecido no artigo 14 da Convención de Nova York, de Protección de Dereitos ás Persoas con Discapacidade, e de conformidade co establecido no artigo 763 da Lei de axuízamento civil, co fin de que se proceda á ratificación xudicial do ingreso.

Achégase a seguinte documentación:

1. Informe médico
2. Informe social (en centros residenciais coa identificación da persoa responsable do ingresado)

Data, sinatura e selo

Xulgado de Primeira Instancia / de Garda  de .....



## **Modelo 7.1.5 - COMUNICACIÓN Á FISCALÍA DE RECOMENDACIÓN PARA A ADOPCIÓN DE MEDIDAS CAUTELARES**

O/a que comunica (identificación, DNI, en calidade de..), de conformidade co disposto no artigo 12 da Convención de Nova York de Protección de Dereitos ás Persoas con Discapacidade, e no artigo 757.3 da Lei de axuízamento civil, pon no seu coñecemento que (identificación da persoa á que se refire) se atopa nunha situación de discapacidade, polo que é necesario establecer os apoios necesarios.

### 1. DATOS DA PERSOA:

- a. Filiación completa da persoa.
- b. Relación de familiares, coa filiación máis completa posible e con teléfono.
- c. Outras persoas relacionados con esta.
- d. Breve explicación das relacións familiares, se hai algo relevante.

### 2. EXPOSICIÓN DA SITUACIÓN:

Debe recoller a situación na que se encontra a persoa con discapacidade e, en xustificación, a necesidade e a finalidade pola que se solicitan as medidas cautelares.

### 3. MEDIDAS RECOMENDADAS

3.1. Medidas patrimoniais: (autorización para gastos, nomeamento dun defensor xudicial provisional, anulación de poderes...) deben incluír todos os datos dispoñibles que permitan a adopción da medida, números de conta, oficina bancaria...

3.2. Medidas persoais: na medida do posible, debe establecerse un plan de actuación necesario para a persoa con discapacidade e a xustificación da necesidade dunha actuación xudicial.

No caso de que se trate dun ingreso en centro, debe figurar cal é o centro que ten asignado.

### 4. DOCUMENTACIÓN (é moi conveniente que na medida do posible se inclúa o seguinte):

- Certificado literal de nacemento da persoa con discapacidade ou, no seu defecto, lugar e data de nacemento.

- Copia do DNI da persoa con discapacidade e do comparecente.
- Certificado médico actual ou, no seu defecto, centro de saúde e profesional de referencia ao que dirixirse para recabar información.
- Certificado da Seguridade social das pensións que percibe.
- Certificado bancario das contas abertas ao seu nome con titulares, autorizados e saldo actual. No seu defecto, copia de cartillas bancarias.
- Xustificación da súa situación de dependencia (resolución ou solicitude), grao de discapacidade e/ou situación de incapacidade laboral. Se non dispón de resolución ningunha, xustificante da solicitude se se tramitou.
- Se procede, copia de testamentos abertos a nome da persoa ou dos seus descendentes e poderes emitidos pola persoa con discapacidade.
- Certificado de empadramento.

Protección a persoas con discapacidade

Fiscalía Provincial de .....

## 7.2.- MODELOS DE DOCUMENTOS PARA CONSULTA E INFORMACIÓN DOS AXENTES IMPLICADOS

A xeito de Anexos informativos para consulta, preséntanse algúns modelos ilustrativos que, se ben non precisará o profesional do centro ou servizo na súa práctica diaria, si é oportuno que se familiarice con eles para facilitar a tarefa informativa aos familiares, figuras de protección xurídica e demais axentes implicados.

### Modelo 7.2.1 - PRESENTACIÓN DE INVENTARIO INICIAL DE BENS

XULGADO XX (Lugar y Provincia)

PROCEDEMENTO: XXX/XXXX

AO XULGADO

(*DATOS IDENTIFICACIÓN*, como titor legal de (*datos identificación*), con capacidade modificada xudicialmente polo xulgado nº XX de LUGAR e PROVINCIA polo presente, en cumprimento do disposto no artigo 262 do CC, presento, para a súa aprobación xudicial, Inventario dos Bens do tutelado.

IMPOSTOS: (achégase copia das declaración de impostos dos últimos 3 anos)

Imposto sobre a renda das persoas físicas

Imposto do patrimonio

Outros

ACTIVO

- Bens Inmóbles: (*achégase nota simple informativa, escritura pública ou certificación catastral*).

Vivendas, locais e garaxes:

Terreo sito en c/ XXXXXXXXXXXXXXXX inscrita no Rexistro da Propiedade da *Localidade*, a cal pertence ao presunto incapaz en *PLENA PROPIEDAD/COMPARTIDA CON XXX/ USUFRUCTO*

- Bens Móbles

Vehículos: (achegar copia do permiso de circulación).

*Marca, modelo e matrícula (ano).*

Embarcacións: (achegar copia da inscrición)

*Modelo, folio de inscrición, porto de amarre, estado de conservación e gastos*

Outros de especial importancia: *xoias, obras de arte,....* os cales se atopan en (domicilio, depositados...).

- Contas correntes e de aforro: (achegar extracto do último ano)

*Banco, sucursal, número de conta: saldos*

- Accións, fondos de inversión, plans de pensións e outras participacións en sociedades (achegar certificación bancaria coa valoración)

- Ingresos periódicos

*Pensións: (achegar certificación) concepto, contía*

*Alugueres (achegar contratos) local, vivenda, ... contía*

*Outros: dividendos, intereses, rendas vitalicias,*

## PASIVO

- Préstamos hipotecarios: (achegar certificación bancaria)

Hipoteca constituída sobre vivienda/terreo sito en r/ XXXXXXXXXXXXXXXX inscrita no Rexistro da Propiedade co número XXXXX, a favor de XXXXX en garantía dun préstamo de XXXX € restando XX anos para a súa cancelación, supoñendo na actualidade unha cota mensual de XXX €

- Préstamos Personais: (achegar certificación bancaria)

Préstamo coa entidade xxxxxx por importe de XXXXX €, pendentes de pago XX cotas supoñendo unha cota de XXXX € mensuais

- Outras débedas:

Por importe de XXXXX € que se pagará o data con XXXXX por CONCEPTO

## GASTOS ORDINARIOS:

- Alugueres: (achegar contratos) DESCRICION, CONTiA

- Pagos de CENTRO: (achegar certificación do centro) *DESCRICION (residencia, centro de día,...), contía*
- Empregados e atención por parte de terceiras persoas (achegar contratos ou declaración de empregados) *DESCRICION, CONTÍA*
- Pensións alimenticias: (achegar copia da sentenza) *DESCRICION, CONTÍA*

#### ESCRITURAS E DOCUMENTOS DE IMPORTANCIA

- Testamento outorgado por incapaz (achegar copia) *BREVE RESUMO DO TESTAMENTO*
- Testamentos a favor do incapaz (achegar copia) *BREVE RESUMO DO TESTAMENTO*
- Outros documentos de importancia: Donacións a favor da persoa, donacións realizadas pola persoa, Outros: descrición achegando copia

SUPLICO AO XULGADO: Que tendo por presentado este escrito, sírvase admitilo e, tras o informe do Ministerio Fiscal, ter por cumprido e aprobado o presente inventario de acordo coa lei.

DATA E SINATURA

## Modelo 7.2.2 - RENDICIÓN ANUAL DE CONTAS

XULGADO XX (Lugar e Provincia)

PROCEDEMENTO: XXX/XXXX

AO XULGADO

*IDENTIFICACIÓN*, como titor legal de *identificación*, con capacidade modificada xudicialmente polo Xulgado nº XX de LUGAR E PROVINCIA, en cumprimento do disposto no artigo 269.4º do Código civil, presento para a súa aprobación xudicial o informe anual sobre a situación do tutelado e a correspondente rendición de contas correspondente ao ano XXXX:

### SITUACIÓN PERSOAL

- Lugar de residencia: (*DESCRICION*)
- Persoas que integran o núcleo familiar: (*DESCRICION*)
- Situación de saúde: (*DESCRICION*)
- Actividades que realiza e/ou centro ao que acode: (*DESCRICION*) (é conveniente achegar informe do centro)

### SITUACION PATRIMONIAL

- Situación xeral: (Breve explicación dos ingresos e gastos)
- Modificacións respecto do inventario de bens ou rendición de contas anterior: (breve explicación) (*achegar copia do inventario/rendición de cuotas anterior e do auto de aprobación*)
- Autorizacións xudiciais: (Descrición) (*achegar copia da autorización*)

### INFORME ANUAL CON ESPECIFICACIÓN DE MODIFICACIÓNS

IMPOSTOS: (copia das declaracións de impostos)

Imposto sobre a renda das persoas físicas

Imposto do patrimonio

Outros

ACTIVO (MODIFICACIÓNS QUE SE PRODUCIRAN cos documentos correspondentes)

- Bens inmobles:
- Bens mobles
- Contas correntes e de aforro:

- Accións, fondos de inversión, plans de pensións e outras participacións en sociedades
- Ingresos periódicos: pensións, alugueres, outros,....
- Ingresos extraordinarios (achegar certificación)

PASIVO (MODIFICACIÓNS QUE SE PRODUCIRAN cos documentos correspondentes)

- Préstamos hipotecarios:
- Préstamos persoais:
- Outras débedas:

GASTOS ORDINARIOS (MODIFICACIÓNS QUE SE PRODUCIRAN cos documentos correspondentes)

- Alugueres
- Pagos de CENTRO
- Empleados e atención por parte de terceiras persoas
- Pensións alimenticias
- Gastos derivados do patrimonio inmobiliario: impostos, conservación e mantemento e reparacións,...
- Gastos correntes: vestido e alimentación, gastos médicos, outros
- Gastos derivados do patrimonio mobiliario: impostos, comisións bancarias,...
- Gastos extraordinarios:

ESCRITURAS E DOCUMENTOS DE IMPORTANCIA

- Testamento outorgado polo incapaz (achegar copia) *BREVE RESUMO DO TESTAMENTO*
- Testamentos a favor do incapaz (achegar copia) *BREVE RESUMO DO TESTAMENTO*
- Outros documentos de importancia: Donacións a favor da persoa, donacións realizadas pola persoa, Outros: descrición achegando copia

SUPLICO AO XULGADO: que tendo por presentado este escrito, sírvase admitilo e, tras o informe do Ministerio Fiscal, ter por cumprida e aprobada esta rendición de contas correspondente ao ano XXXX

Data e sinatura

### Modelo 7.2.3 - DEMANDA DA FISCALÍA SOBRE MODIFICACIÓN DA CAPACIDADE

Ao XULGADO DE PRIMEIRA INSTANCIA n.º X (FAMILIA) DE (LUGAR)

O FISCAL, de conformidade co disposto no artigo 3.7 da Lei 50/1981, do 30 de decembro, pola que se regula o Estatuto orgánico do Ministerio Fiscal, formula DEMANDA DE XUÍZO VERBAL, sobre a capacidade das persoas fronte XXXXXXXXXXXXXXXXXXXXXXXXXXXXXXXXXXXX

Apoia a demanda nos seguintes feitos e fundamentos de dereito:

#### FEITOS

A persoa arriba descrita, cuxa capacidade xurídica, medios de apoio e salvagardas axeitadas para o seu exercicio se pretenden determinar, está afecta de DIAGNÓSTICO, que de forma persistente, e na actualidade, lle impide desenvolver de forma axeitada, efectiva e en plano de igualdade, as facultades que lle son inherentes.

#### FUNDAMENTOS DE DEREITO

- I -

A competencia para coñecer desta demanda corresponde ao Xulgado de Primera Instancia do lugar en que o demandado ten o seu domicilio, de conformidade ao disposto no artigo 756 da Lei de axuízamento civil.

- II -

O Ministerio Fiscal áchase lexitimado para promover a declaración de incapacidade do demandado conforme ao previsto no artigo 757 da Lei de axuízamento civil.



Son causas de incapacitación as enfermidades ou deficiencias persistentes de carácter físico ou psíquico que impidan á persoa gobernarse por si mesma (artigo 200 do Código civil).

- III -

Exercítase nesta demanda a acción de incapacitación, por causa prevista no citado artigo do Código civil, debendo ser tramitada conforme ás normas do xuízo verbal coas especialidades que especificamente se preveen para a acción exercitada nos Cap. I e II do Título I do Libro IV da Lei de axuizamento civil.

- IV -

Nos procesos de incapacitación será sempre preceptiva a intervención do Ministerio Fiscal, que se non tiver promovido o procedemento será Defensor do demandado (artigos 749 e 758 da Lei de axuizamento civil), polo que, na súa virtude, no caso de non contestarse a demanda polo demandado, procederá nomear ao demandado un Defensor Xudicial INTERESANDO O MINISTERIO PUBLICO PROCÉDASE Á DESIGNACIÓN DE LETRADO DE QUENDA QUE CORRESPONDA DO COLEXIO DE AVOGADOS CORRESPONDENTE.

En méritos en canto antecede

DO XULGADO INTERESA: Que se teña por presentado este escrito cos documentos acompañados e as súas copias, sírvase admitilos e tendo o Fiscal por comparecido e parte, ter por formulada demanda de xuízo verbal e que previos os trámites procedentes, DITE SENTENZA DETERMINANDO OS EXTREMOS OBXECTO DESTE PROCEDEMENTO, arriba indicados, o que comportará, tendo como base a concreción das habilidades conservadas:

1. A fixación precisa da extensión da súa capacidade xurídica.
2. Os medios de apoio que se desprendan como máis idóneos para a conservación da capacidade xurídica arriba determinada: tutela, curadoría, defensor xudicial, réxime de garda, ou calquera outro medio de apoio axeitado.

3. Os actos aos que se refira a súa intervención, cando así proceda; debendo nomearse a persoa que deba de asistilo ou representalo e velar por el, conforme co disposto no artigo 12 da Convención sobre os Dereitos das Persoas con Discapacidade e co artigo 759.2 da Lei de axuízamento civil, en relación co establecido no Libro Primeiro, Título X, Capítulo I, II, III, IV e V do Código civil, relativos á tutela, curadoría, defensor xudicial e gardador de feito.
4. As salvagardas axeitadas e efectivas para asegurar que as medidas relativas ao exercicio da capacidade xurídica respecten os dereitos, a vontade e as preferencias da persoa, que non haxa conflito de intereses nin influencia indebida, e finalmente que sexan proporcionais e adaptadas ás súas circunstancias persoais.

OTROSI DI I) Sen prexuízo das probas que poidan propoñerse polas partes ou decretarse de oficio, xa dende agora, interesa a práctica das probas e audiencias preceptivas esixidas polo artigo 759 da Lei de axuízamento civil, para cuxos efectos se propón a audiencia dos parentes do demandado, concretamente de:

XXXXXXXXXXXXXXXXX con domicilio en XXXXXXXXXXXXXXXXXXXX

Interesando, ao abeiro do disposto no parágrafo terceiro do artigo 440.1 da Lei de axuízamento civil, que se practique a citación dos anteriormente salientados para o acto da vista pola oficina xudicial.

Informe médico forense no que se concrete polo menos:

- A. Enfermidade que padece.
- B. Habilidades que presenta o presunto discapaz.
  1. Habilidades de vida independente:
    - a) Autocoidado: aseo persoal, vestido, comida, desprazamento...
    - b) Instrumentais cotiás: compras ordinarias, preparar comida, limpeza, telefonar, capacidade de resposta ante urxencias...
  2. Habilidades económico-xurídico-administrativas:
    - a) Coñecemento da súa situación económica.
    - b) Capacidade para tomar decisións económicas: seguimento de contas, de ingresos, gastos...
    - c) Capacidade para outorgar poderes.

- d) Capacidade testamentaria.
- e) Capacidade para manexo de diñeiro de peto e actividades ordinarias.
- f) Capacidade en relación coa súa actuación procesual.
- 3. Habilidades sobre a saúde.
  - a) Manexo de medicamentos.
  - b) Seguimento de pautas alimenticias.
  - c) Autocoidado: coidado de pequenas feridas...
  - d) Consentimento dos tratamentos.
- 4. Habilidades para o transporte e manexo de armas.
  - e) Capacidade para condución.
  - f) Capacidade para o uso de armas.
- 5. Habilidades en relación co procedemento.
  - g) Coñecemento do obxecto do procedemento.
  - h) Coñecemento das consecuencias.

#### DOCUMENTAL:

- Informes médicos
- Informe médico forense
- Informe centro residencial
- Certificado literal de nacemento

OTROSI DI II) Que se anote a sentenza no Rexistro civil conforme ao disposto no artigo 755 da Lei de axuízamento civil.

### Modelo 7.2.4 - INFORME MÉDICO FORENSE

- A. Enfermidade que padece.
- B. Habilidades que presenta o presunto discapaz
  - 1. Habilidades de vida independente:
    - a. Autocoidado: aseo persoal, vestido, comida, desprazamento...
    - b. Instrumentais cotiás: compras ordinarias, preparar comida, limpeza, telefonar, capacidade de resposta ante urxencias...
  - 2. Habilidades económico-xurídico-administrativas:
    - a. Coñecemento da súa situación económica
    - b. Capacidade para tomar decisións económicas: seguimento de contas, de ingresos, gastos...
    - c. Capacidade para outorgar poderes
    - d. Capacidade testamentaria
    - e. Capacidade para manexo de diñeiro de peto e actividades ordinarias.
    - f. Capacidade en relación coa súa actuación procesual.
  - 3. Habilidades sobre a Saúde:
    - a. Manexo de medicamentos.
    - b. Seguimento de pautas alimenticias
    - c. Autocoidado: coidado de pequenas feridas...
    - d. Consentimento dos tratamentos.
  - 4. Habilidades para o transporte e manexo de armas:
    - a. Capacidade para conducción
    - b. Capacidade para o uso de armas.
  - 5. Habilidades en relación co procedemento:
    - a. Coñecemento do obxecto do procedemento
    - b. Coñecemento das consecuencias.
  - 6. Valoración en relación ao proceso sobre a modificación da capacidade

(pode ser orientativo para outros profesionais)

## BIBLIOGRAFÍA

### Documentación

- Informe Olivenza 2010. As persoas con discapacidade en España. Observatorio Estatal da Discapacidade.
- Servizo de apoios para persoas con capacidade xurídica modificada por enfermidade mental. Fundación Gavela. 2010.
- Protocolo de Actuación coordinada contra o maltrato de persoas maiores e adultas con discapacidade. Dirección Xeral de Dependencia e Autonomía Persoal. Consellería de Traballo e Benestar. Xunta de Galicia.
- Programa Acougo do Sergas. Protocolo de intervención de urxencias extrahospitalarias do 061.

### Lexislación

- Constitución española.
- Real decreto, do 24 de xullo de 1889, polo que se publica o Código civil (BOE nº 206, do 25 de xullo).
- Lei 1/2000, do 7 de xaneiro, de axuizamento civil.
- Lei 41/2003, do 18 de novembro, de protección patrimonial das persoas con discapacidade e de modificación do Código civil e da normativa tributaria con esta finalidade.
- Lei 2/2006, do 14 de xuño, de dereito civil de Galicia.
- Instrumento de ratificación da Convención sobre os Dereitos das Persoas con Discapacidade feito en Nova York o 13 de decembro de 2006 (BOE nº96, do 21 de abril).
- Lei 26/2001, da 1 de agosto, de adaptación normativa á Convención Internacional sobre os Dereitos das Persoas con Discapacidade (BOE nº184, do 2 de agosto).
- Lei 1/2009, do 25 de marzo, de reforma da Lei do 8 de xuño de 1957, sobre o Rexistro civil, en materia de incapacitacións, cargos tutelares e administradores de patrimonios protexidos, e da Lei 41/2003, do 18 de novembro, sobre protección patrimonial das persoas con discapacidade e de modificación do Código civil, da Lei de axuizamento civil e da normativa tributaria con esta finalidade.

- Lei 20/2011, do 21 de xullo, do rexistro civil (BOE 175/2011, do 22 de xullo).
- Lei 1/1996, do 10 de xaneiro, de asistencia xurídica gratuíta (BOE nº 11, do 12 de xaneiro).
- Decreto 269/2008, do 6 de novembro, polo que se aproba o regulamento de asistencia xurídica gratuíta de Galicia.
- Lei 51/2003, do 2 de decembro, de igualdade de oportunidades, non discriminación e accesibilidade universal das persoas con discapacidade (BOE nº 289, do 3 de decembro).
- Lei 41/2002, do 14 de novembro, básica reguladora da autonomía do paciente e de dereitos e obrigas en materia de información e documentación clínica (BOE nº 274, do 15 de novembro).
- Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia (BOE nº 299, do 15 de decembro).
- Real decreto lexislativo 1/1994, do 20 de xuño, polo que se aproba o texto refundido da lei xeral da seguridade social.
- Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia.
- Real decreto 1971/1999, do 23 de decembro, de procedemento para o recoñecemento, declaración e cualificación do grao de discapacidade.
- Real decreto 1856/2009, de 26 de decembro, de procedemento para o recoñecemento, declaración e cualificación do grao de discapacidade, polo que se modifica o R. D. 1971/1999 (o termo *minusvalía* queda substituído polo termo discapacidade).
- Decreto 15/2010, do 4 de febreiro, polo que se regula o procedemento para o recoñecemento da situación de dependencia e do dereito ás prestacións do sistema para a autonomía e atención á dependencia, o procedemento para a elaboración do Programa individual de atención e a organización e funcionamento dos órganos técnicos competentes.
- Orde do 2 de xaneiro de 2012 de desenvolvemento do decreto 15/2010, do 4 de febreiro, polo que se regula o procedemento para o recoñecemento da situación de dependencia e do dereito ás prestacións do sistema para a autonomía e a atención á dependencia, o procedemento para a elaboración do programa individual de atención e a organización e funcionamento dous órganos técnicos competentes.
- Decreto 148/2011, do 7 de xullo, polo que se modifica o decreto 15/2010, do 4 de febreiro, polo que se regula o procedemento para o recoñecemento da situación de dependencia e do dereito ás prestacións do sistema para a autonomía e atención á

dependencia, o procedemento para a elaboración do programa individual de atención e a organización e funcionamento dos órganos técnicos competentes.

- Decreto 254/2011, do 23 de decembro, polo que se regula o réxime de rexistro, autorización, acreditación e a inspección dos servizos sociais en Galicia.
- Lei 12/2006, do 1 de decembro, de fundacións de interese galego.
- Decreto 14/2009, do 21 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento de fundacións de interese galego.
- Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade.
- Decreto 389/1996, do 15 de decembro, polo que se regula a saúde mental en Galicia.

galicia



XUNTA DE GALICIA